

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION ORDINARIA 30 DE SETEMBRO DE 2013

ASISTENTES:

PRESIDENCIA: Excmo. Sr. Alcalde (incorpórase mais tarde).

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa (incorpórase mais tarde).
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.(incorpórase mais tarde).
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día trinta de setembro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila,

García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(162).- ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIO 5.08.13)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión extraordinaria realizadas o 5 de agosto de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se presentaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(163).- FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2014. EXPTE. 732/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de setembro de 2013, o concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, formula a seguinte proposta,

“Por escrito de data de saída do 19 de agosto, número 66426, o Servizo de

Relacións Laborais da xefatura territorial da Consellería de Traballo en Vigo, solicita a este Concello a remisión da proposta de festividades locais antes do día 30 do mes de setembro.

Con data de 13 setembro o concelleiro delegado de Xestión Municipal, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación,..."

Deseguido o concelleiro formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2014:

- 1.- O Día da Reconquista desta cidade, venres 28 de marzo
- 2.- O día de San Roque sábado 16 de agosto,

3.2.(164).- COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. FERNANDO VILLA AGULLA (AUTORIZACIÓN). EXPTE. 1370/110 (741/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de setembro de 2013, o secretario xeral do Pleno, emite o seguinte informe-proposta,

“ESCRITO DE FERNANDO VILLA AGULLA, FUNCIONARIO DA POLICÍA MUNICIPAL, SOLICITANDO AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DA

ACTIVIDADE DE ASESOR TÉCNICO NAS CATEGORÍAS INFERIORES DO REAL CLUB CELTA DE VIGO S.A.D. (CELTA B).

ANTECEDENTES

I

Mediante escrito de data 06.09.2013, Rexistro de Entrada nº 130102311, Fernando Villa Agulla, funcionario municipal do corpo de Policía adscrito a posto base (policía), subgrupo C1, código: 212.11 solicita do Pleno do Concello autorización de compatibilidade para o exercicio da actividade de asesor técnico/segundo adestrador das categorías inferiores do Real Clube Celta de Vigo S.A.D. (Celta B). Na solicitude consta escrito do Presidente do Real Club Celta sinalando que as cualificacións que concorren en Fernando Villa Agulla fan necesario que sexa tal persoa a que desempeñe a actividade mencionada, no expediente existe escrito da Xefatura da Policía Municipal no que se manifesta que o desempeño de tal actividade non prexudica o funcionamento do servizo.

II

O órgano competente para resolver a autorización é o Pleno do Concello, artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal o servizo das Administracións Públicas (en adiante LI). O acordo require a maioría simple dos membros da Corporación, artigo 123.2, último parágrafo, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. No procedemento incoado consta Resolución do concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal de data 09.09.2013 asignando a instrución do expediente á Secretaría Xeral do Pleno. Non figuran no procedemento nin son tidos en conta na proposta de acordo feitos ou alegacións distintas das aducidas polo interesado, artigo 84.4 Lei 30/1992.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- De conformidade co sinalado no apartado 2. da Disp. Final Cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, EBEP) o establecido nos Capítulos II e III do Título III -excepto o artigo 25.2- e o determinado no Capítulo III do Título IV producirán efectos a partires da entrada en vigor das Leis de Función Pública (Leis Autonómicas) que se diten en desenvolvemento do EBEP. O mesmo se advirte respecto da Disp. Final Terceira 2. que modifica o artigo 16.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal o servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI). É mais, a mesma Disp. Final citada o inicio advirte que mentres non exista normativa autonómica de desenvolvemento a autorización de compatibilidades rexerese pola actual normativa.

O EBEP publicouse o 13.04.2007, a pesares do tempo transcorrido -mais de 6 anos- ningunha Comunidade Autónoma¹, tampouco a galega, ten ditado

1 Tan só as Comunidades Autónomas das Illas Baleares, mediante a Lei 3/2007, de 27 de marzo, da Función Pública da Comunidade Autónoma das Illas Baleares, redactada en paralelo o EBEP; de Valencia, mediante Lei 10/2010, de 9 de xullo, da Generalitat, de Ordenación e Xestión da Función Pública Valenciana, e de Castilla-La Mancha, mediante Lei 4/2011, de 10 de marzo, do Emprego Público de Castilla-La Mancha teñen desenvolvido o EBEP, non obstante ningunha das leis citadas desenvolven o réxime de incompatibilidades.

normativa de desenvolvemento en materia do réxime de compatibilidades, unha apatía parlamentaria que lesiona de xeito grave os intereses e dereitos dos empregados públicos. O caso é que hoxe do artigo 16.1 da LI existen dúas redaccións diferentes, ambas despregando efectos xurídicos, difícil de entender.

En efecto, a normativa actual (artigo 16.1 da LI na súa redacción orixinaria) sinala: “*Non poderá autorizarse ... compatibilidade ... ao persoal que desempeñe postos que comporten a percepción de **complemento específico** ...*”. O posto de traballo do funcionario Fernando Villa Agulla ten asignado complemento específico polo que desde esta perspectiva -sen prexuízo da excepción do artigo 16.3 da que logo se falará- non procede autorizar a compatibilidade peticiónada.

II.- Non obstante resulta innegable que o Parlamento de Galicia, antes ou despois, ten que desenvolver a nova redacción do artigo 16.1 da LI, que indica: “*Non poderán autorizarse ... compatibilidade ao persoal ... cando as retribucións complementarias que teña dereito a percibir ... inclúan o factor incompatibilidade ...*”.

Da “nova redacción” do precepto se desprenden esenciais conclusións que a normativa autonómica de desenvolvemento deberá ter en conta.

Unha delas é que o artigo 16.1 da LI flexibiliza o réxime actual pois non liga a compatibilidade á xenérica percepción do complemento específico, a vincula a percepción dun dos cinco factores que integran tal complemento, o *factor de incompatibilidade*; outra conclusión é que o EBEP posibilita a segregación da retribución complementaria (complemento específico) nos factores de: dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, *incompatibilidade* e condicións de traballo, polo que nada impide que dito complemento estableza unha contía concreta a percibir en concepto de *incompatibilidade*, solución prevista no artigo 129.2.A) b) do Proxecto de Lei do Emprego Público de Euskadi en trámite de aprobación parlamentaria.

III.- Hoxe no Concello de Vigo a retribución complementaria da que estamos a falar (complemento específico) consta dun determinado importe para cada un dos postos de traballo existentes no cadro de persoal, agora ben, tal retribución non ten unha segregación nos compoñentes que a integran (dificultade, responsabilidade, dedicación, *incompatibilidade* e condicións de traballo) se así fora poderíase determinar se os postos base do corpo de Policía Municipal

En efecto, a Lei de Castilla-La Mancha nin sequer a cita; a Lei 10/2010 da Comunidade Autónoma Valenciana, no seu artigo 92.2 sinala: “*A aplicación do réxime de incompatibilidades axustarase á lexislación básica estatal nesta materia e a normativa autonómica de desenvolvemento*”. A Lei 3/2007 das Illas Baleares, no seu artigo 130.2, indica: “*O persoal o servizo da Administración Autonómica está sometido á lexislación básica estatal en materia de incompatibilidades e a normativa autonómica de desenvolvemento*”. As poucas CC.AA. que teñen desenvolvido o EBEP se remiten a materia de incompatibilidades á lexislación básica estatal (absurdo, pois esta, a súa vez, se remite á lexislación das CC.AA.) e a un novo desenvolvemento autonómico (se entende que a unha lei específica de incompatibilidade). En definitiva, mais de seis anos despois da entrada en vigor do EBEP o réxime de incompatibilidades previsto nesta norma, en concreto o sinalado no artigo 16.1, é baleiro absoluto.

inclúen, ou non, o *“factor incompatibilidade”*. Ante a ausencia da desagregación cabe entender que tal importe total inclúe indistintamente tódolos factores citados, entre eles a *incompatibilidade*, polo que baixo este restrictivo punto de vista a compatibilidade solicitada é de imposible recoñecemento para este ou calquera outro funcionario.

IV.- O réxime retributivo municipal vixente ven tamén regulado nas “Instrucións para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello” aprobadas polo Pleno en sesión de data 28.12.1998, o apartado XX da Instrución sinala: *“Tódolos postos desempeñanse en réxime de dedicación exclusiva”* isto implica a incompatibilidade de calquera posto, non obstante é de supoñer que esta previsión, no seu momento, entrará en colisión coa normativa autonómica de desenvolvemento do EBEP pois esta norma no seu artigo 24.b. advirte que o factor incompatibilidade pode ser imputado, a *“determinados postos de traballo”*. “Determinados”, é dicir, non todos pois o lóxico é que tal factor sexa incluído/imputado os postos encadrados nos subgrupos A1 e A2 pois estes teñen a suficiente complexidade, relevancia e dedicación para considerar que a coexistencia da actividade profesional en réxime privado ou de libre exercicio -aínda que sexa realizada fora da xornada laboral- produce un detrimento no axeitado exercicio da función pública.

A inexplicable ausencia de desenvolvemento normativo autonómico, a apatía parlamentaria, non pode nin debe impedir que o Concello de Vigo no próximo cadro de persoal que sexa presentado a aprobación, no uso da autonomía municipal constitucionalmente garantida, inclúa para cada posto un Código “FI” (factor de incompatibilidade) no que se concrete se o complemento específico do posto o inclúe (sí), ou non (non) o *“factor inompatibilidade”*.

IV.- Sen prexuízo do exposto o certo é que o artigo 16.4 da LI tamén actúa -aínda que non sempre- como límite ao exercicio de actividades privadas polos empregados públicos, tal precepto sinala: *“ Asimesmo... poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos ... cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan orixe na antigüidade”*. A sensu contrario non pode recoñecerse compatibilidade ningunha os empregados públicos que perciban un complemento específico dunha contía superior o 30 por 100 da súa retribución básica excluída a antigüidade, é dicir, a ningún empregado público do Concello de Vigo pois a contía do complemento específico destes sempre, en todo caso, é superior o 30 por 100 da retribución básica.

A vixencia deste precepto é mais que discutible.

En efecto, o apartado 4 do artigo 16 foi introducido na LI a través da Lei 31/1991, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1992 e o seu obxectivo foi suavizar o réxime de incompatibilidades vixente que, de acordo coa redacción orixinaria do artigo 16.1, lígase o mero feito de percibir complemento específico.

Como temos visto a nova redacción do artigo 16.1 non fala de complemento específico senón de *“factor de incompatibilidade”* algo moi distinto e que, o noso xuízo, volve a flexibilizar substancialmente o réxime de incompatibilidades razón suficiente para entender que a modificación do artigo 16.1 derroga o apartado 4 do mesmo artigo. Neste sentido debe entenderse que non existirá incompatibilidade para o exercicio de actividades privadas naqueles empregados públicos que, percibindo a retribución complementaria non o fagan en concepto de *“factor de incompatibilidade”*. O que no seu día foi unha previsión destinada a suavizar un determinado réxime non pode transformarse, en virtude dunha desafortunada técnica lexislativa, nunha restrición, sería incongruente e contrario ao espírito da norma.

En calquera caso, da redacción do precepto (*“Asimesmo ...”*) e da súa interpretación contextual e histórica cabe manifestar que o límite do apartado 4 do artigo 16 non é de aplicación os supostos excepcionais de compatibilidade previstos no apartado 3 do mesmo artigo.

V.- O artigo 16.3 da LI indica: *“Se exceptúan da prohibición enunciada no apartado 1. as autorizacións ... para realizar actividades de ... asesoramento a que se refire o artigo 6 desta Lei”*. O artigo 6.1 da Lei, no seu primeiro parágrafo, sinala: *“ ... excepcionalmente poderá autorizarse ... a compatibilidade para o exercicio de actividades de ... **asesoramento ... técnico** en supostos concretos ...”*. O mesmo precepto no seu segundo parágrafo indica: *“Dita excepción [a de asesoramento técnico] acreditarase ... por requirir especiais cualificacións que só ostenten [os interesados]”*

A actividade de asesor técnico das categorías inferiores dun equipo de fútbol, neste caso do Real Club Celta de Vigo, é un especialísimo e singular suposto de *“asesoramento técnico”* pois tal función, -técnica, en canto propia dunha determinada profesión, a de adestrador deportivo-, leva implícita un necesario compoñente de orientación e proposta ao club respecto dos futbolistas en fase de formación cara a súa progresión a outras categorías superiores.

O anterior non quere dicir que calquera asesoramento que poda demandarse por entidades privadas dos empregados públicos municipais se atope incurso neste suposto excepcional de compatibilidade, debe avaliarse cada caso concreto onde tampouco son alleos os posibles prexuízos ao interese xeral, artigo 11.2, *in fine*, no caso que nos ocupa o Real Club Celta de Vigo S.A.D. é o principal club deportivo da cidade, tamén de Galicia.

O Real Club Celta de Vigo non se relaciona directamente coas funcións que desenvolve a Policía Municipal, artigo 11.1 LI. Non se aprecia que a actividade de segundo adestrador poda comprometer ou prexudicar os intereses xerais nin a independencia e imparcialidade das funcións públicas do solicitante -razón de ser do réxime de incompatibilidades- tampouco menoscaba o estrito cumprimento dos deberes os que está obrigado o funcionario en cuestión (art. 11.2 LI). A actividade de asesor técnico en ningún caso poderá comprometer ou modificar a

xornada de traballo e o horario do funcionario no seu caso autorizado e quedará sen efecto no suposto de cambio de posto na Administración Municipal (art. 14, parágrafo terceiro LI); tampouco tal asesoramento se atopa incluído nas actividades que se mencionan no artigo 12 da LI nin nas citadas no artigo 11 do R.D. 598/1985, de aplicación analóxica.

A solicitude de compatibilidade ven acompañada dun escrito do Presidente do Real Club Celta de Vigo no que se fai constar que a experiencia e coñecemento [cualificacións] que do deporte do fútbol e das categorías inferiores do Club Celta B ostenta o funcionario Fernando Villa Agulla converten a esta persoa na idónea, na necesaria, para desempeñar o posto de asesor desas categorías. Cúmrese o requisito de acreditación do segundo parágrafo do artigo 6.1 da LI.

A solicitude de compatibilidade formulada polo funcionario Fernando Villa Agulla atópase incurso na excepción do artigo 16.3 da LI, procede a súa autorización.

En virtude do exposto formúlase o Pleno do Concello de Vigo a seguinte,..."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font (presidencia), Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Autorizar ao funcionario do corpo da Policía Municipal D. Fernando Villa Agulla adscrito a posto base (policía), subgrupo C1, código: 212.11 a compatibilidade coa actividade de asesor técnico das categorías inferiores do

Real Clube Celta de Vigo SAD (Celta B).

SEGUNDO: A actividade autorizada non poderá comprometer ou modificar a xornada de traballo e o horario do funcionario autorizado e quedará sen efecto no caso de cambio de posto na Administración Municipal.

TERCEIRO: Notificar o acordo, os efectos que proceda, á Xefatura da Policía Municipal, o Departamento de Recursos Humanos do Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo S.A.D.

CUARTO: Notificar o acordo o interesado facendo constar que pon fin a vía administrativa, contra o mesmo, sen prexuízo doutros medios de defensa, pode interpoñerse ante o Pleno do Concello de Vigo, recurso potestativo de reposición no prazo do mes seguinte á data da súa notificación ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa xurisdición da Cidade de Vigo no prazo dos dous meses seguintes, non poderán simultanearse.

3.3(165).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 8 DO PXOM (EXECUCIÓN DE SENTENZA). CLASIFICACIÓN DA PARCELA Nº 1 DA UA MOLEDO E SECTOR S-26-R PESCADEIRA-SÁRDOMA. EXPTE. 13717/411 (740/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 23 de agosto de 2013, a técnica de administración xeral da Oficina de Planeamento e Xestión e a xefa da Área Técnica, co conforme da Xerente de Urbanismo emiten o seguinte informe,

“En data 16.06.2011, o TSXG ditou a sentenza nº. 585/2011, no P.O. 4608/2008, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D^ª. Amelia Caride Bugarín contra a Orde do Conselleiro de CMATI de 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do PXOM de Vigo, anulándoa no relativo á clasificación da parcela 1 da Unidade de Actuación 03 Moledo do PGOU-93 e declarando que a dita parcela debe ser clasificada como solo urbano consolidado.

O día 08.02.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120014321) oficio da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 03.02.2012 comunicando que mediante Resolución do 17.01.2012, desa Secretaría Xeral, ordenouse dar publicidade á parte dispositiva da referida sentenza (DOG nº. 23, do 02.02.2012).

Con data 26.03.2012, a Xefa de Planeamento e Xestión e o Director da Área de Planeamento e Xestión emitiron informe a respecto da clasificación e cualificación da parcela de referencia.

O 10.04.2012 a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos ditou resolución ordeando o inicio da modificación puntual nº 8 do PXOM, a fin de executar a referida sentenza nº. 585/2011 e encomendando aos servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación. Dita Resolución de día 10.04.2012 foi rectificada mediante resolución de corrección de erros de día 23.04.2012.

En cumprimento da devandita Resolución do 10.04.2012 (rectificada mediante Resolución do 23.04.2012), os servizos técnicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión elaboraron os documentos rubricados *“Modificación puntual nº. 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa á clasificación do solo na parcela nº. 1 da Unidade de Actuación 03 Moledo do anterior Plan Xeral. Avaliación Ambiental Estratéxica. Anteproxecto de Planeamento”* en data 21.05.2012 e *“Modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)”* (V.1 Documento para aprobación inicial), de agosto de 2012.

Con data 20.07.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120087647), oficio de data 12.07.2012 do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental da CMATI, polo que achega a Resolución do 12.07.2012 do Secretario Xeral de Calidade Avaliación Ambiental relativa ao non sometemento a avaliación ambiental estratéxica de dita modificación puntual, así como o informe do 28.06.2012 da Xefa de Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica de Augas de Galicia.

Con data 09.10.2012 os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron informe de legalidade e calidade técnica da ordenación proposta na referida modificación puntual.

O 04.12.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120143215) o informe previo á aprobación inicial emitido o día 29.11.2012 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI, cuxo apartado II.3 conclúe: *“A reclasificación das tres parcelas e o axuste da ficha do solo urbanizable para dar cumprimento á sentenza do TSXG incorporando a ordenación detallada no solo urbano consolidado pode fundamentar a modificación de planeamento ao abeiro do artigo 94.1 da LOUG”*.

O día 25.03.2013 o Pleno municipal aprobou inicialmente a dita modificación

puntual, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local o 14.12.2012, e acordou abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, dar audiencia simultaneamente polo mesmo prazo aos municipios limítrofes e, aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinou expresamente que a área afectada pola suspensión de licenzas correspóndese coas catastrais 4435902NG2743N, 4435901NG2743N e 443590NG2743N, así como os terreos comprendidos no sector «S-26-R Pescadeira».

Mediante oficios da Vicepresidenta da XMU de día 15.04.2013 outorgóuselle aos Concellos de Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño e Redondela o referido trámite de audiencia.

O anuncio do acordo plenario de día 25.03.2013 de aprobación inicial da Modificación puntual nº. 8 do PXOM/08 foi publicado o día 26.04.2013 nos xornais *Atlántico* e *Faro de Vigo* e o día 20.05.2013 no DOG nº.94.

Con data 30.07.2013 o Secretario da XMU, certificou que durante o período de exposición ao público do expediente de referencia, presentouse unha única alegación con entrada no Rexistro o día 19.07.2013 (doc.130086610).

O día 22.08.2013 a arquitecta municipal emitiu o informe que obra no expediente.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

-Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)

-Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)

-Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)

-Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística

-Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Obxecto da modificación puntual n.º. 8 do PXOM, relativa á clasificación da parcela n.º. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma).

A modificación puntual n.º. 8 do PXOM/08 formulouse para executar os pronunciamentos da sentenza n.º. 585/2011, do 16.06.2011, do TSXG, que anula a clasificación da parcela n.º. 1 da U.A. 03 Moledo do PXOU-93 (abranguida no Sector «S-26-R Pescadeira» do PXOM/08) declarando que a dita parcela debe ser clasificada como solo urbano consolidado.

Na proposta de ordenación elaborada polos servizos da Oficina de Planeamento e Xestión e inicialmente aprobada polo órgano plenario o día 25.03.2013, dótase ás parcelas correspondentes coas n.º. 1, 2 e 9 da U.A. 03 Moledo do PXOU-93, dunha ordenación detallada que permite a obtención dunha peza completa e delimitada por viais, cuxa clasificación quedará reflectida nos planos reformados 11 (R) da serie 1 (escala 1/5000), de Clasificación de solo e 12-N (R) da serie 2 (escala 1/2000) dentro da Ordenanza 10.1º. Ademais, realízanse os oportunos axustes no

sector «S-26-R Pescadeira» do PXOM/08 derivados da referida ordenación.

III. Tramitación procedimental.

De conformidade co disposto no artigo 93.4 da LOUGA, na súa relación co artigo 85.2, e atendida a Resolución de día 12.07.2012 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI sobre a innecesariedade de sometemento da Modificación puntual nº.8 do PXOM-08 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, unha vez acadada a súa aprobación inicial, deberá someterse ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, non sendo necesaria a notificación deste trámite ás persoas propietarias de terreos afectados. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Ao mesmo tempo co trámite de información pública, deberán recabarse das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán emitirse no prazo dun mes agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

III.1. Resultado do trámite de audiencia aos municipios limítrofes.

Mediante oficios da Vicepresidenta da XMU do día 15.04.2013 (notificados todos eles o 24.04.2013) outorgóuselle aos Concellos de Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño e Redondela trámite de audiencia por prazo de dous meses, sen que ningún dos nomeados Concellos limítrofes remitira observación algunha.

III.2. Resultado do trámite de exposición pública.

O anuncio do acordo plenario de día 25.03.2013 de aprobación inicial da Modificación puntual nº. 8 do PXOM-08 foi publicado o día 26.04.2013 nos xornais *Atlántico* e *Faro de Vigo* e o día 20.05.2013 no DOG nº.94, presentándose unha única alegación durante o período de exposición ao público segundo consta no certificado de data 30.07.2013 do Secretario da XMU, que seguidamente se aborda:

Alegantes: D^a. Amelia Caride Bugarín, D. Telmo Paredes Falque, D. Carlos Lago Costas con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.07.2013 (doc. 130086610).

Resumo da alegación: despois de recoñecer os alegantes a acertada e detallada xustificación da Modificación puntual en tramitación, interesan a asignación as súas parcelas da Ordenanza 10^o, grao 2 ao considerar que é o *máis común* no barrio de Moledo e sobre a base de *criterios de coherencia, sostibilidade, viabilidade do proceso urbanizador e recuperación demográfica puntual*.

Informe: en data 22.08.2013 a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:

“No apartado 3.2.9 da Memoria Xustificativa do PXOM vixente (Plan xeral de ordenación municipal con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008, e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de medio

ambiente, territorio e infraestruturas de 13 de xullo de 2009), reflíctense os criterios xerais seguidos para a ordenación polo miúdo do territorio.

Nomeadamente, no epígrafe do solo urbano consolidado di que: Consideráronse dentro desta categoría os solos da cidade consolidada onde se dan aliñacións e delimitan zonas de ordenanza, especificando o grao a partires do estudo da cidade construída, fixándose nas dimensións do parcelario existente, atura e fondo da edificación, grao de consolidación, posición do edificio na parcela e tipoloxías existentes. Delimitáronse zonas homoxéneas que levarán a mesma ordenanza...

Reiterase o dito anteriormente en canto ás ordenanzas en solo urbano consolidado: Delimitáronse zonas de ordenanza e grao a partires do estudo pormenorizado tanto do parcelario existente (dimensións das parcelas, altura da edificación, grao de consolidación e posición da edificación a respecto da parcela), como da realidade tipolóxica construída; e tendo como referencia, aínda que non imposición, as ordenanzas do Plan Vixente. Todo elo, en función de áreas homoxéneas (que tivesen, por caso, a mesma ordenanza), superficie da parcela dominante (de cara a determinación do grao)...

Xa que logo, este é foi o criterio empregado tamén á hora de abordar á cualificación do solo obxecto da modificación, xa que a sentenza que deu lugar á dita modificación soamente determinaba á clasificación do solo (SUC), xa que tal e como reflicte no fundamento xurídico cuarto: ... la determinación de la ordenanza de aplicación no es un aspecto reglado, y por ello corresponde a la Administración establecerla....

No apartado 6.c) da Modificación puntual nº 8 : ... un estudio tipolóxico do contorno da área obxecto de modificación amósanos como todas as parcelas contiguas en toda a bolsa de solo situada entre a estrada Moledo, a Rúa Louxada, e as Rúas Pescadeira, e estrada de Marco ata a praza de Moledo, están cualificadas coa Ordenanza 10, grao 1º. Por esta razón cualifícase a área modificada coa ORDENANZA 10, grao 1º.

En canto aos puntos 5 e 6 da alegación, o criterio establecido para á asignación do grao non foi o grao maioritario ou común na zona ou barrio. O equipo técnico redactor estudou o parcelario existente e a superficie da parcela dominante de cara á determinación do grao da ordenanza 10, tendo en conta tamén que as tres parcelas obxecto da modificación están vacantes de edificación.

As condicións de edificación varían en función do grao da ordenanza. Consonte ao artigo 9.10.7 da normativa urbanística do PXOM, aos efectos de parcelacións, reparcelacións e segregacións, ademais de cumprir o citado nos artigos precedentes da ordenanza 10, a parcela deberá respectar as condicións seguintes:

Grao	Parcela mín. Fronte e tipoloxía	Ø Min. Círculo Insc	Ocupacións/r
------	---------------------------------	---------------------	--------------

Edificabilidade

1º	600 m ²	16 m. Illada	10 m	40%	0,55 m ² /m ²
	10 m. Apegada				
2º	350 m ²	9 m. Illada ou Pareada	6 m	45%	0,75 m ² /m ²
	6 m. Acaroadada				

As parcelas obxecto da modificación teñen todas unha superficie superior á parcela mínima do grao 1º, é dicir, a 600 m²:

PARCELA	CATASTRO	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE SOLO	CONSTRUCCIÓN SUPERFICIE CONSTRUÍDA
1	Urbana	4435901NG2743N0001SA	1.539	NON (SOLO SEN EDIFICAR)
2	Urbana	4435902NG2743N0001ZA	3.472	NON (SOLO SEN EDIFICAR)
3	Urbana	4435904NG2743N0001HA	613	NON (SOLO SEN EDIFICAR)

Ao estudar a contorna da zona obxecto da modificación puntual, pode comprobarse que a superficie de parcela dominante é maior de 600 m².

Á teor do exposto anteriormente e a xuízo da técnica que subscribe, considérase que as parcelas deben estar cualificadas coa ordenanza 10 de residencial exterior no seu grao 1º”.

Neste senso, debe apuntarse que a Administración está investida dunha ampla discrecionalidade no exercicio da potestade planificadora, sempre con respecto ao interese xeral, tendo en conta a función social da propiedade, a estabilidade e seguridade xurídica e coa debida motivación das decisións acordadas.

Ademais, xa no informe de día 26.03.2012 da Xefa de Planeamento e Xestión e do Director da Área de Planeamento e Xestión consta, a respecto do desenvolvemento da U.A.03 Moledo, que “A tramitación do estudio de detalle da U.A. 03 Moledo, comezou no ano 1996 coa presentación dun estudio de detalle (nº. Expte 4267/411). O Consello da Xerencia en sesión de 5.09.1997, acordou aprobar inicialmente dito estudio, no acordo do Consello da Xerencia acordou tamén solicitar unha documentación aos promotores. Dita solicitude foi notificada, nunca se deu resposta a dita notificación, polo que en xuño de 2000 foi arquivado o expediente, entendéndose por desistido. Ningunha actuación máis fíxose respecto desta unidade de actuación”. No referente á ordenación das parcelas referidas na alegación, o dito informe concluían que “a parcela ten que clasificarse como solo urbano consolidado, a ordenanza de aplicación debe ser a das parcelas adxacentes á zona, ordenanza 10 grado 1º. Dado que a parcela non ten contacto directo co solo urbano consolidado procede tamén o cambio de clasificación á parcela adxacente polo leste, ref.catastral: 4435904NG2743N, que ademais ten as mesmas condicións que a parcela obxecto da sentenza e deste informe. Xa, tras analizar os solos inmediatos, parece recomendable tamén o clasificar como solo urbano consolidado con ordenanza 10 1º, a parcela situada ao suroeste da de dona Amelia Caride, ref. Catastral: 4435901NG2743N, xa que

quedarían como única parcela do sector situada ao leste do camiño Louxada". Idéntica conclusión reflíctese no VI. Documento para aprobación inicial elaborado pola Oficina de Planeamento e Xestión en agosto 2012, dado que, singularmente no seu apartado 6, letra c), xustifícase a cualificación do solo proposta na modificación puntual de referencia.

Proposta: sobre a base do informado pola arquitecta municipal en data 22.08.2013 propónse a desestimación da alegación.

IV. Cumprimento da tramitación provisional: aprobación provisional

Cumpridos os trámites sinalados no artigo 85.1 a 7 da LOUGA (a excepción dos referentes á tramitación da avaliación ambiental estratéxica dada a súa innecesariedade), corresponderá ao Pleno do Concello a súa aprobación provisional, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local en cumprimento do artigo 127.1c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU ex. artigo 10º.1.a) dos Estatutos da XMU. O acordo da aprobación provisional é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo (STS 05.06.1998 e 10.10.1998). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL).

Por aplicación do establecido no artigo 85.8 da LOUGA "en caso de que pretendan introducirse, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva".

Adoptado o acordo de aprobación provisional, o expediente completo, debidamente dilixenciado, someterase ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva, debendo a CMATI, recibido éste e no prazo dun mes, proceder ao exame da súa integridade documental e das actuacións administrativas realizada e, de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requerirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo, de ser o caso, deste requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva ni procederá resolver sobre ésta.

En consecuencia, de acordo co artigo 85.7 da LOUGA, completado o expediente, o órgano competente para aprobar definitivamente a Modificación puntual adoptará a decisión que proceda, se ben por aplicación do artigo 85.10 da LOUGA ésta entenderase aprobada definitivamente se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no Rexistro do órgano competente sen que éste comunicase a resolución.

V. Órgano competente.

É competente para aprobar provisionalmente a Modificación puntual nº.8 do PXOM-08 o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) do Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP)....”

De seguido as funcionarias informantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6.09.2013, a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto da citada Modificación Puntual.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 20.09.2013, ditamina favorablemente dita proposta.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sres/as, Cendón Alonso, Figueroa Vila, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Primeiro: Desestimar a alegación presentada por Dª. Amelia Caride Bugarín, D. Telmo Paredes Falque, D. Carlos Lago Costas con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.07.2013 (doc. 130086610), con fundamento no informe da arquitecta municipal de data

Segundo: Aprobar provisionalmente a “*Modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)*”(V.1 Documento para aprobación inicial), formulada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en agosto de 2012, en

cumprimento da resolución da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos en data 10.04.2012, ditada para executar a STSXG nº. 585/2012 do 16.06.2011.

Terceiro: Remitir o expediente completo debidamente dilixenciado ao titular da CMATI como órgano competente para a súa aprobación definitiva, que se entenderá producida se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no correspondente Rexistro autonómico sen que se fora comunicada a resolución que proceda.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica do Excmo. Concello de Vigo para o seu coñecemento e remisión ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3.4(166).- DISTINCIÓN A D. RUFO PÉREZ GONZÁLEZ, DENOMINANDO O TRAMO DO PASEO DO RIO LAGARES QUE VAI DENDE A BAIXADA Á PONTE NOVA Á BAIXADA AO PONTILLÓN, COMO “PASEO DO MATEMÁTICO RUFO PÉREZ”. EXPTE. 743/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de setembro de 2013, o xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, co conforme do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, emite o seguinte informe,

“Con data 25 de setembro 2013, e tralas consultas mantidas nesta mesma data cos concelleiros designados por cada grupo político municipal, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, en virtude da resolución de competencias de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 resolveu que polo servizo de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a

“ a concesión da distinción ao matemático Dº Rufo Pérez González, ca nominación dun tramo do paseo do Lagares que vai dente a Baixada á Ponte Nova á Baixa ao Pontillón, e a súa inclusión no rueiro do Concello de Vigo”

O expediente iníciase a instancia de:

- Solicitud de Xurxo Xoán Rodríguez Perez de data 20/11/2012 (doc 120136781) seguida de 93 sinaturas identificadas con nome, apelido e NIF.
- Solicitud de Xurxo Xoán Rodríguez Perez e D^a Generosa Acosta Bello en representación da AVV Pontenova-Freixero, de data 19/04/2013 (doc. 130044106) seguidas de 384 sinaturas identificadas con nome, apelido e NIF , en relación á inclusión do seu nome no rueiro do Concello de Vigo, atendendo aos méritos académicos, culturais e sociais que concorren nesta persoa.

Solicitado informe ao servizo de Estatística, informa favorablemente o día 25 de xuño de 2013 nos termos de que non existe no rueiro o devandito nome.

Solicitado informe ao servizo de Normalización lingüística incorpora informe de data de 25 de xuño de 2013 polo cal considera que *“non poderá informar de xeito favorable ningunha denominación que vaia en contra dos principios aprobados polo Pleno de data 25/10/2004”*, acordo adoptado no mesmo senso a instancia a súa vez da Universidade de Vigo, Comisión de Toponimia, Instituto de Estudos Vigueses, Asociación Galega de Onomástica e Federación de Asociacións de Veciñais “Eduardo Chao” en concordancia ca recomendación de UNESCO de preservar a toponimia propia, sobre maneira naquelas comunidades con lingua de seu.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4^o que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Na mesma data o concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, formula o seguinte informe-proposta,

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“15. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Visto o informe que antecede do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas co conforme do servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 25/09/2013.

E trala consulta mantida as 10,00 horas do día 25/09/2013 polos concelleiros designados por cada grupo político municipal na subcomisión previa á Comisión de Cultura, Sr. Santiago Domínguez (BNG), Sr. Carlos López (PSOE) e Sr. Roberto Relova (PP), acordouse por unanimidade a concesión da presente distinción.

Polo exposto propónse ao Pleno da corporación:..”

De seguido o concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

A Comisión de Denominación de Rúas do día 25 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sres/as, Cendón Alonso, Figueroa Vila, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

“A concesión da distinción a D^o Rufo Pérez González, ca nominación póstuma do “Paseo do matemático Rufo Pérez” correspondente ao tramo do paseo do río Lagares que vai dente a Baixada á Ponte Nova á Baixa ao Pontillón, e a súa inclusión no rúeiro do Concello de Vigo no seu caso.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de

silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(167).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG, MANIFESTANDO O APOIO AOS CIDADÁNS BENEFICIARIOS DE PENSIÓNS PERCIBIDAS NO ESTRANXEIRO E INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA MECANISMOS DE COLABORACIÓN E Ó GOBERNO DO ESTADO A ANULACIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES. EXPTE. 729/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de setembro, número 729/1101, a voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declaren as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración

anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posíbel sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoábel e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galiza a:

2.1. Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.

2.2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.

A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 23 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

A PRESIDENCIA: Como o punto 5.1 e o 5.3 son mocións sobre o mesmo tema propoño ao grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista o debate conxunto das dúas mocións, como en anteriores ocasións seguiríamos o mesmo procedemento. A proposta serían 5 minutos por parte do Bloque Nacionalista Galego, 5 minutos por parte do Partido Socialista, a continuación 5 minutos por parte do Partido Popular e logo 3 minutos por parte do Partido Socialista pechando o Bloque Nacionalista Galego con tres minutos.

SRA. VELOSO RÍOS: A min gustaríame que mellor o confirmase o Secretario do Pleno porque no Regulamento do Pleno no artigo 82.3 di “se para a mesma sesión plenaria varios grupos presentan mocións sobre o mesmo ou similar asunto só se incluírán na orde do día a primeira que tivese entrada no Rexistro Xeral da Secretaría, sen prexuízo de que na Xunta de Voceiros tales grupos pacten un texto conxunto”, neste caso non houbo ningunha proposta de pactar un texto conxunto, no caso da moción presentada polo Grupo Socialista que foi a

que presentou posteriormente, tiña varias mocións rexistradas que podía traer a este Pleno pero decidiu presentar esta, eu creo que só correspondería o debate dunha delas, da primeira que entrase por rexistro, atendendo ao Regulamento precisamente, se non é así por favor que o corrixa o Secretario.

A PRESIDENCIA: No, dígollo eu dende a Presidencia, as mocións, ao entender do Grupo Municipal Socialista, son sobre o mesmo fondo pero a proposta resolutive é diferente; polo tanto, si que é certo que terían que ser votadas por separado, pero son mocións diferentes, insisto, aínda que co mesmo fondo.

Polo que, o Grupo Municipal Socialista nin o propuxo na Xunta de Voceiros nin o propón agora, en todo caso quere que se debata a súa moción aínda sendo a segunda presentada sobre este tema, polo tanto queda a opción da proposición que fixen anteriormente de se debatemos conxuntamente ou separadamente e terá que ser, Sra. Veloso, o Bloque Nacionalista Galego quen se pronuncie ao respecto.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu insisto en que vostede mesmo no momento de facer esa proposta do debate conxunto dixo que eran dúas mocións similares non, iguais, dixo literalmente, isto vai estar recollido na acta do Pleno, sexa que vostede mesmo na proposta inicial definiu estas dúas mocións como iguais. No propio Regulamento do Pleno di “mocións sobre un mesmo ou similar asunto”, realmente neste caso as mocións son exactamente sobre o mesmo asunto. Eu entendo que deberíamos aplicar o Regulamento e que se debatesese só a primeira que foi rexistrada.

A PRESIDENCIA: Esta presidencia non o entende así, o Grupo Municipal Socialista mantense e se me pronunciei sobre que eran iguais, utiliza vostede ese termo é evidente que á vista da parte da resolutive que propón cada un dos grupos non é o mesmo e puidera haber diferenza de voto. Polo tanto, prégoille que se pronunciei sobre se debatemos conxunta ou separadamente.

SRA. VELOSO RÍOS: Insisto, eu solicito da presidencia e tamén que se lle permita

ao Secretario do Pleno pronunciarse na aplicación do Regulamento.

A PRESIDENCIA: A Presidencia da mesma forma que se realizou noutras ocasións e estes termos non se propuxeron en ningún momento e sobre todo en nome do Grupo Municipal Socialista non estima a proposta que vostede fai e pídlle por última vez se quere o debate conxunto ou separado, non necesitando que o Secretario se pronuncie.

SRA. VELOSO RÍOS: Se aceptamos o debate conxunto supoño que estamos asumindo que efectivamente as mesmas mocións son sobre o mesmo tema e polo tanto estamos incumprindo o Regulamento.

A PRESIDENCIA: Iso será unha interpretación que vostede queira dar.

SRA. VELOSO RÍOS: É que non entendo como podemos debater conxuntamente dúas mocións que non son sobre o mesmo tema.

A PRESIDENCIA: Como debatemos varias.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu solicitaría da Presidencia, e lembro que está vostede exercendo como presidente e non como voceiro do Grupo Socialista, polo tanto rogaría que cando se pronuncie como presidente non o faga no nome do Grupo Socialista. Insisto en que se vostede está propoñendo o debate conxunto é porque estas mocións son sobre o mesmo tema, e se son sobre o mesmo tema en aplicación do Regulamento só debería debater unha delas, e senón, por favor, diga claramente que non imos acatar o Regulamento deste Pleno nesta moción concretamente e que vostede solicita que se faga o debate conxunto, pero entón asumirémolo como unha decisión da Presidencia que non respecta ao Regulamento do Pleno, non imos ser nós os que asumamos debater conxuntamente dúas mocións nas que cumprindo o Regulamento só deberíamos debater unha.

A PRESIDENCIA: Como presidencia pasarémoslle informe das situacións totalmente similares que se deron en Plenos anteriores, sen que ningún dos Grupos se pronunciasen neste sentido. Neste momento estou falando como presidente deste Pleno, e á vista da proposta que fan vostedes imos proceder ao debate separado das mocións tal e como están na orden do día. Polo tanto, pasamos a moción número 5.1.

SRA. VELOSO RÍOS: Este é un tema que traemos hoxe ao Pleno que afecta na nosa cidade, especialmente ao noso país Galicia porque precisamente é un país que padeceu e segue padecendo desgraciadamente, cun repunte importante nos últimos anos, unha emigración brutal, son milleiros e milleiros de persoas as que emigraron dende comezos século XIX a moitos países para buscarse un medio de vida. Tamén ao longo do século XX e agora, desgraciadamente no século XXI persoas mozas de moi alta cualificación tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e as súas avoas para conseguir traballo.

Precisamente os seus avós/as que están agora retornados no noso país, que están agora xa xubilados despois de moitos anos de traballo, reciben unhas pensións que perciben en moitos casos de estados estranxeiros, aqueles onde estiveron traballando. Estas persoas xubiladas, que están recibindo pensións dos estados onde traballaron, comezaron a recibir requirimentos nos últimos tempos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades que percibiron durante o ano 2008 en concepto de pensións do estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso a formulación da declaración sobre o Imposto das Persoas Físicas corresponde ao exercicio do 2008. Pero tamén neste requirimento obrigan e indican a obriga de realizar esta actualización nos exercicios 2009, 2010 e 2011 e nos últimos días de forma masiva practicamente en todo o país, está afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas tamén no noso Concello.

Estas persoas, hai que sinalalo e dicilo moi claramente, durante estes anos ata que recibiron agora estos requirimentos nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declarar as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer

esa declaración anual do IRPF, pero é que ademais non só iso senón que, en moitos casos e son casos contados directamente por veciños/as da nosa cidade, mesmo aquelas persoas que estaban facendo a declaración na propia Axencia Tributaria, non de maneira individual ou a través de xestorías, senón na propia Axencia Tributaria se lles informaba da non obrigatoriedade de non declarar estas cantidades e por suposto en ningún caso se lles informou de que fose posible recibir algún tipo de sanción por non facelo. Isto é realmente chocante, é dicir, estas persoas durante todos estes anos foron informadas mesmo de que non tiñan obriga de facer estas declaracións, non se lles informou da posibilidade que existise unha sanción e todo isto neste momento concreto, neste país no que hai persoas que están recibindo a posibilidade de gozar de amnistías fiscais para declarar de maneira complementaria e sen ningún tipo de sanción moitas cantidades de cartos defraudados e con intencionalidade á Axencia Tributaria. Estas persoas ademais de descoñecelo non tiñan ningunha intencionalidade de defraudar as cantidades que evidentemente na maioría dos casos non son moi altas e que non declararon polas pensións que estaban recibindo de estados estranxeiros, e máis, de feito a maioría das persoas está asumindo ese requirimento porque son cantidades pequenas e xa sabemos que cando estamos falando da Axencia Tributaria igual que cos Bancos é mellor deberlles un millóns de euro que un euro porque cando lle debes un euros van directamente a por ti, entón moita xente está intentando solucionar e asumindo unhas sancións que nós entendemos que en ningún caso deberían sufrir.

Por isto, nós solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo, por unha banda manifestar o apoio deste Concello aos veciños/as beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro que se están vendo afectadas por esta reclamación da Axencia Estatal Tributaria que nós entendemos a vista das políticas tributarias que está aplicando o Goberno actual que ten simplemente afán recadatorio.

Por outra banda, instar á Xunta de Galicia a establecer mecanismos para colaborar con este Concello na prestación de asesoramento a tódalas persoas afectadas que o precisaran. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas, por unha banda a anulación de tódolos expedientes

sancionadores a todas estas persoas que están recibindo requirimentos, o inicio dunha campaña de información a tódalas persoas afectadas da súas obrigas tributarias futuras para que non volva a acontecer nos vindeiros anos, a revisión dos convenios marco con outros países para xustamente evitar situacións parecidas no futuro e trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente do Goberno do Estado e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e do Congreso dos Deputados.

SR. LÓPEZ FONT: En relación coa moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego anuncio o voto favorable do Grupo Municipal Socialista, entendendo que gran parte da argumentación correspóndese coa tamén presentada por este Grupo pero entendendo que a defenderemos posteriormente na quenda que nos corresponda, que na parte expositiva de acordo presentada polo Grupo Municipal Socialista refírese, aínda apoiando ao exposto polo Bloque Nacionalista Galego, á atención concreta ás alegacións que realizaron as persoas que se atopan nesta situación.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Este mesmo debate realizouse xa dúas veces no Parlamento de Galicia este mes de setembro, unha o día 5 e outra o día 11 de setembro e alí os catro grupos políticos que están representados acordaron unánimemente algo a que nós nos gustaría e nos parecería que tamén deberíamos acordar no Concello de Vigo.

Dicir que sempre, e por iso xa lles pasei unha emenda de substitución, houbo a obriga de declarar estas rendas, así o pon en tódolos manuais da Renda, e por iso hai moitos emigrantes retornados que si o estaban declarando, ten que quedar claro por tanto que é un problema que afecta a gran parte de emigrantes retornados, de pensionistas pero que non afecta para nada ao 100%. Todos, polo tanto, temos que atender as nosas obrigas tributarias porque isto é o que nos fai verdadeiramente iguais a todos. Pero queremos dende o Partido Popular que quede unha cousa ben clara e é que este Grupo Municipal non está de acordo para nada coa forma na que a Axencia Tributaria afrontou esta problema. Cremos que se debería ter feito unha campaña informativa previa e ter dado a

oportunidade a que os afectados regularizasen de maneira voluntaria as súas obrigas, é certo que hai moitas persoas afectadas que descoñecían a lei, que son persoas de boa fe, que non sabían en realidade que tiñan que tributar. É certo ademais que estes pensionistas, moitos son o sustento das súas familias por desgracia e agora non poden pagar estas rendas que se lle reclaman. O compromiso do Grupo do Partido Popular cos afectados de boa fe é máximo, imos facer todo o posible para que se apracen os pagos, para que se quiten as sancións e para que se de información clara e precisa e se regularice a situación conforme ao que marca a lei.

Dende o Partido Popular somos sensibles coa situación que están vivindo estas persoas que perciben pensións da emigración. Tamén hai que dicir que non son todos iguais porque hai que ter en conta o volume de ingresos de cada afectado e así tamén as súas circunstancias persoais. Pero ten que haber equidade tanto horizontal como vertical, horizontal porque deben pagar tódolos perceptores de pensións da emigración. Vertical, porque afecta tanto aos que cobra grandes cantidades como aos que cobran pequenas cantidades. E que está facendo a Xunta de Galicia a pesar de que non é un problema da Xunta de Galicia e que non incumbe tampouco directamente a Axencia Tributaria ao Concello? En primeiro lugar quero informarlles que o Senador de Vigo, don Enrique López Veiga, falou co Ministro Sr. Montoro sobre o tema, e que a Conselleira de Facenda envioulle unha carta tanto ao Ministro Sr. Montoro como falou co Director Xeral de Tributos e como tamén coa Dirección Xeral da Axencia Tributaria, en que sentido? Pois no sentido da emenda que lles presentei e que nos gustaría que se aprobase por unanimidade e que ven a resumir basicamente o seguinte: primeiro, regularizar a situación dos pensionistas sen consideralos como defraudadores fiscais ofertando información pormenorizada e homoxénea das súas obrigacións fiscais.

Segundo, habilitar para o caso no que teñan que afrontar pagos polas súas declaracións complementarias períodos de pagos máis longos que os estipulados habitualmente, en aras de evitar un quebranto económico nas unidades familiares destes pensionistas.

Terceiro, eximir do pago de sancións a aqueles pensionistas que regularicen a súa

situación fiscal.

Cuarto, a revisión dos convenios Marco con outros países para evitar que situacións deste tipo podan volver a producirse no futuro.

Quinto, que se teña en conta tódolos criterios anteriores para estimar os recursos que se presenten ante as sancións xa comunicadas, cremos que é un acordo que se aprobou no Parlamento de Galicia por unanimidade e tamén aquí no Concello de Vigo gustaríanos que se aprobase pola mesma unanimidade.

SRA. VELOSO RÍOS: Evidentemente eu creo que é tan clara a situación, é tan evidente que estamos falando de persoas que non son persoas que tivesen ningún tipo de intención de defraudar á Facenda Pública e que é bastante indiscutible, mesmo por parte daquel grupo político que agora mesmo está posibilitándolle a aquelas persoas que si tiñan intención de defraudar que se arrepiñan dos seus pecados pero iso si sen recibir ningún tipo de sanción.

Por iso é bastante difícil entender que se lle aplique a sanción a estas persoas que agora está moi claro que tiñan a obriga de tributar por esas pensións, pero cando ían presentar a súa declaración de facenda á Axencia Tributaria os propios funcionarios/as da Axencia Tributaria lles indicaban a non obrigatoriedade de facer esa declaración e así foi durante anos e non tería ningún sentido que de repente en 2013 milleiros de persoas estean recibindo requirimentos para actualizar, para facer a declaración correcta dos seus tributos durante os últimos 5 anos e que toda esa xente estivese realmente tan equivocada, tan desafortunadamente informada, porque a realidade é que se fosen uns poucos casos podemos entender que se trata dun problema concreto de información ao mellor dunha oficina da Axencia, dunha xestoría concreta, pero non, é que neste caso está acontecendo en todo o país e con practicamente a totalidade das persoas que están recibindo pensións dende outros estados, é dicir, que isto non é algo puntual, non é algo anecdótico senón que é algo sistemático, dunha falla de información ou dunha información incorrecta que agora vense obrigados a pagar precisamente, as persoas que foron informadas incorrectamente e que dende logo non tiñan ningún tipo de intención de defraudar porque estaban presentando as súas declaracións puntualmente cada ano e reclamando a

información que necesitaban, a información que tiñan que ter para presentar esas declaracións.

Agora mesmo resulta que si, efectivamente, recoñécese isto e aplicáselles unhas sancións e nós tamén pedimos evidentemente que non se lles aplique esas sancións.

Polo tanto, nós entendemos que estando todo o mundo de acordo agora, o que compre, ademais de chegar a acordos no Parlamento Galego ou de chegar a acordos neste Concello, o que corresponde é que o Goberno do Estado realmente aplique estas medidas, que non se lles aplique as sancións a estas persoas e que se evite, por suposto para o futuro, ningún tipo de incidente como este que, insistimos, estase producindo agora polo afán recadatorio do Goberno do Estado nestes momentos.

PRESIDENCIA: Debe pronunciarse Sra. Veloso, sobre se acepta a emenda de substitución presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

SRA. VELOSO RÍOS: Non, realmente nós entendemos ademais, pola propia argumentación do Partido Popular, que coincide co texto que nós estamos presentamos na moción, que basicamente reclama o mesmo. Non aceptamos a emenda.

A PRESIDENCIA: Non aceptando a emenda pasamos a votación.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sres/as, Figueroa Vila, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso

Rios, manifestando o apoio aos beneficiarios de pensións percibidas do estranxeiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2(168).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRADA DA DENUNCIA INTERPOSTA CONTRA OS REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES DO HOSPITAL POVISA. EXPTE. 733/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de setembro, número 733/1101, o concelleiro do grupo político Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“Desde ou Grupo Municipal Socialista apoiamos a loita pola defensa do Convenio Colectivo dos traballadores de Povisa, resultado da nefastas políticas impulsadas polo Goberno Central do Partido Popular, en detrimento dos dereitos e garantías conquistadas no pasado recente, sobre todo a da última Reforma Laboral.

A Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, Rocío Mosquera e do Sergas “nin sequera mostrou vontade nin foi capaz de sentarse” cos traballadores para buscar un acordo. Pola contra, aos traballadores recíbenlles coas forzas públicas.

Un Xulgado estimou a demanda, e a sentenza obriga a Povisa a prorrogar o anterior convenio (que foi denunciado a finais de setembro de 2011) ata que se firme un novo.

Povisa ten un convenio singular que ten un gran calado social xa que brinda atención sanitaria a máis de 130.000 pacientes na zona.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1º. Repudiamos e condenamos a actitude manifestamente radical por parte do Partido Popular, xa que ao acudir á Xunta para solicitar unha entrevista recibíronlles coa forza pública sentíndose ameazados e desprotexidos nos seus dereitos como cidadáns e traballadores.

2º. Esiximos a retirada inmediata da denuncia penal interposta aos representantes dos traballadores pola Xunta de Galicia.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 23 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dende o Grupo Municipal Socialista traemos a este Pleno unha moción que ademais refírese aos traballadores/as de empresa POVISA, que é coñecido pola cidadanía ao longo período de loita que levan durante moitos meses en defensa das súas condicións de traballo e na defensa do seu convenio colectivo. Un convenio colectivo que decae ou pretende a empresa que decaia apoiándose na reforma laboral imposta polo Partido Popular, unha reforma laboral cruel, innecesaria, inxusta e que ademais que fai que estas traballadoras/es queden desprotexidos ou pretenderan que quedaran desprotexidos totalmente, estamos a falar de traballadores que se adican a coidar a nosa saúde, a saúde de milleiros de vigueses/as e tamén da nosa comarca, grandes profesionais que ven atacados os seus dereitos máis elementais e as súas condicións de traballo máis elementais.

Isto vense agravando por un concerto que a Xunta de Galicia se nega a renovar sistematicamente coa empresa, hai máis de seis anos de prórrogas anuais que cando menos estas prórrogas son irregulares e que inciden tamén nesa incerteza dos propios traballadores/as de POVISA, que o que pretende a Xunta de Galicia, o Partido Popular? Seguir afondando nos recortes na sanidade pública, recortando nos dereitos e nos salarios dos traballadores/as que traballan nela. Levan estes traballadores/as meses e meses de loita, con mediacións na inspección de traballo, solicitaron xuntanzas á Consellería de Sanidade, xuntanzas á delegada da Xunta de Galicia, xuntanzas en traballo na Consellería de Traballo, xuntanzas ao Alcalde da cidade de Vigo Sr. Abel Caballero que os recibiu, que estivo varias veces con eles, que entende dos seus problemas, que sabe que son importantes para a atención sanitaria desta cidade, que sabe que lles están a recortar eses dereitos e mostroulle dende o inicio o seu apoio para a resolución deste conflito, longo conflito que é o que veñen a padecer.

Vemos como a Consellería de Sanidade, a delegada, os responsables de traballo néganse sistematicamente a atendelos, a recibilos, néganse un día e outro tamén a ter en conta as súas preocupacións, e é a obriga do Goberno de quen goberna atender aos seus cidadáns e non o están a facer.

Por contra que é o que fan cando estes traballadores acoden a solicitar as reunións que non lle dan e acoden a un edificio como é o da Xunta de Galicia aquí en Vigo? Pois os reciben coa Policía, non o reciben os responsables políticos da Xunta de Galicia, mándanlles a Policía para atemorizalos, primeiro a reforma laboral para deixalos sen dereitos, despois a Policía para meterlles medo e a continuación unha querela polo Penal que teñen a citación para o vindeiro 23 de decembro para que deixen de reivindicar, de protestar, de esixir os seus lexítimos dereitos que tamén, a parte de afectarlle a eles aféctanos a tódolos demais cidadáns, como dicía anteriormente que facemos uso da Sanidade que tan ben e con tanta profesionalidade eles practican.

Polo tanto, traemos aquí a este Pleno dous puntos; o primeiro, que repudiamos e condenamos a actitude manifestamente radical por parte do Partido Popular, xa que ao acudir á Xunta de Galicia para solicitar unha entrevista recibíronlles coa forza pública, sentíndose ameazados e desprotexidos nos seus dereitos como cidadáns e como traballadores.

Segundo punto, esiximos a retirada inmediata da denuncia penal interposta aos representantes dos traballadores pola Xunta de Galicia queremos que é o mínimo que poden facer, retirar a denuncia e recibilos, coñecer que é o que lle queren transmitir e atendelos, é a obriga da Xunta de Galicia, do Goberno do Partido Popular e por iso pedimos aquí que hoxe este Pleno a aprobe.

SR. ALONSO PÉREZ: Ben, este é un exemplo claro de que cando o Partido Popular nos gobernos opta por gobernar por unha minoría, está castigando a maioría da sociedade coas súas decisións. Porque cando a Conselleira de Sanidade a Sra. Rocío Mosquera se lava as mans como Pilatos, non intervindo no conflito laboral entre os traballadores e a dirección de POVISA, intenta con esta posición dar unha aparencia de neutralidade pero esta neutralidade non é real, o que fai inhibíndose e non tomando decisións e mollándose no problema é tomar posición

a favor dunha minoría, da dirección da empresa.

Isto ademais ten unha serie de factores negativos en primeiro lugar, POVISA é un centro privado pero a súa vez é un centro concertado e é un centro que é referencia para máis de 140.000 pacientes que obrigatoriamente teñen que ir a POVISA. POVISA ademais recibe a través dun convenio 75 millóns de euros anuais, ou sexa que a Xunta cando se inhibe na resolución deste conflito está dicindo que non lle importa se funcionan ou non os quirófanos, se se está tomando nota, vez, aviso para os pacientes que o piden, está dicindo que non lle importa se se engordan as listas da garda, que ademais é o centro que lidera o ranking de negativo de listas da garda. Pero o que hai que ver é por que fai isto o Partido Popular, por que fai isto a Sra. Conselleira, Sra. Rocío Mosquera? Faino porque para ela está antes o respecto ás decisións que toma a dirección do centro que o dereito que teñen os cidadáns á asistencia, isto é o que está revelando.

En segundo lugar, o Partido Popular cando toma esta decisión o que fai tamén é aproveitar, e a dirección do centro o que aproveita é o Real Decreto Ley 3/2012 das Medidas Urxentes para a Reforma do Mercado Laboral, onde o Goberno intenta protexer aos grandes empresarios e con esta decisión POVISA intenta non negociar o convenio e aplicar o convenio provincial, non importándolle que esta situación reverta nunha mingua do poder adquisitivo dos traballadores/as de ata o 40%. Afortunadamente o Xulgado do Social nº5 fallou a favor dos traballadores, resolvendo que mentres non teñan convenio propio prorrogárase o que tiñan e non aplicar o convenio provincial.

Por último, o que é peor de todo é o impresentable que significa que unha responsable política en vez de escoitar as demandas dos cidadáns, en vez de escoitar aos traballadores e aos seus representantes o que faga é enviar a orde pública, as forzas do orde público e denunciar penalmente aos representantes dos traballadores, este é o concepto que ten do goberno o Partido Popular, ademais de non escoitar ás demandas da oposición, porque se puxera oído ás demandas da oposición o conflito tíñase resolto moito antes, porque o Bloque Nacionalista Galego presentou unha iniciativa no Parlamento Galego para que a Consellería se mollara e tomara posición e obrigara á dirección do centro a

negociar unha saída. Pero o Partido Popular sempre opta por gobernar a favor dunha minoría prexudicando en materia sanitaria á maioría da poboación, aos traballadores e nada máis lle interesa defender as decisións dunha minoría da dirección de POVISA.

Por todo isto, imos votar a favor da moción do Partido Socialista.

SRA. CENDÓN ALONSO: Falan vostedes de apoio á defensa da negociación entre os traballadores e a patronal, por suposto que nós a apoiamos, respectamos e a neutralidade da que vostede fala non é unha neutralidade sobre o conflito, é unha neutralidade entre o diálogo dos traballadores e unha empresa privada, polo que lémbrolle os traballadores de POVISA non son traballadores da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia cos seus traballadores ten unha negociación para acadar o convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia, levan ata cinco negociacións neste momento e momento está en vigor o quinto.

Sr. Rodríguez Díaz o que non deixa de sorprendeme é que precisamente vostede acuse a Consellería de Sanidade de esta neutralidade, voulle por dous exemplos: primeiro, o outro día na Escola de Artes e Oficios un profesor denunciaba un acoso laboral a unha traballadora da empresa subcontradada para a limpeza desa escola, competencia deste Concello, vostede retiroulle a palabra e dixo que o Concello no podía intervir nun conflito cunha empresa privada.

Segundo exemplo, o conflito das traballadoras dos centros cívicos, vostede non recibiu a ninguén, nin ós usuarios, nin aos traballadores, a ninguén, pediron ser escoitados neste Pleno e tampouco foron escoitados, iso son os exemplos da súa neutralidade.

Pola transcendencia que conflito de POVISA pode ter na asistencia sanitaria da poboación estes traballadores foron recibidos por directivos do SERGAS, polo Grupo Parlamentario do Partido Popular e foron recibidos pola Comisión de Sanidade, poden todos lelo na web destes traballadores, alí aparece o diálogo desta reunión. O que realmente lle compete á Consellería de Sanidade é a asistencia sanitaria e para isto, para garantir que unha empresa de forma arbitraria non puxera en marcha medidas que puideran vulnerar dalgunha maneira a correcta prestación desta asistencia sanitaria fixéronse tres auditorías,

ningunha das tres auditorías detectou anomalía na prestación da asistencia sanitaria, esta foi a intervención da Consellería de Sanidade.

Vostedes, os do Partido Socialista, o que teñen que explicar é realmente a súa postura con POVISA, porque é certo o Alcalde claro que recibe o Comité para facerse a foto, pero dende que o Partido Popular chegou ao Goberno da Xunta de Galicia, o Alcalde mantén con POVISA unha postura absolutamente bipolar, un día apoia a negociación do concerto singular coa empresa e ao día seguinte posiciónase e maniféstase en contra de POVISA. Alguén pode pensar que a supervivencia, o mantemento dos 1.500 postos de traballo non ten relación co concerto, esta é a foto o Sr. Alcalde nunha pancarta e co cartel que pon “POVISA non, gracias”, esta é a auténtica postura do Alcalde con POVISA. Ademais, non se mira na foto, pero a outra pancarta que el sostiña dicía “queremos deixar de estar encadeados a POVISA”.

O Partido Popular non mudou de criterio, pretende manter a carga de traballo para estes traballadores, pedimos a liberdade de elección para os usuarios de maneira que todos aqueles que queiran ser atendidos en POVISA poderán selo, e todos aqueles que queiran ir ao Hospital Público poderán facelo tamén, entendemos que iso é a auténtica defensa dos postos de traballo dos traballadores de POVISA.

O que si me gustaría dicir é, posicionamento claro en defensa dos traballadores, da negociación, pero como sanitaria quero facer un chamamento á cordura por unha razón, porque vulnerouse a confidencialidade de datos, algo sagrado en Sanidade. Hai un sistema o chamado “Sinás”, de notificación ás reaccións adversas, que é un sistema de mellora continua no sistema sanitario, un sistema onde os facultativos e os sanitarios...

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Os señores/as do Partido Popular teñen unha magnífica ocasión agora para certificar que defenden aos traballadores e á nación colectiva, que é votando a favor desta moción. Realmente o Partido Popular está acusando aos traballadores mediante unha denuncia que fai á Policía adscrita á Comunidade Autónoma que di así: “estaban en actitude reivindicativa mediante cánticos e proclamas, realizaban unha sentada de protesta en reivindicación da

mediación da Xunta de Galicia no seu conflito polo seu convenio colectivo coa empresa, pola que esixían da Delegada da Xunta de Galicia en Vigo que se reunira co seu Comité de empresa” eu creo que estes non eran terroristas, eran traballadores/as que estaban sentados pacificamente dentro do edificio da Xunta de Galicia esixindo que a Delegada da Xunta de Galicia os recibira, senón para que está nomeada para facer anuncios, para que están alí na Xunta de Galicia todos estes cargos políticos? Para que? Para denunciar aos traballadores que van alí a reivindicar, teñen unha magnífica ocasión para votar a favor de que se retire esta denuncia contra estas traballadores/as, que non fan outra cousa que defender os dereitos dos seus representados porque son o Comité de Empresa, son dezasete compañeiros/as que o que fan é defender aos seus compañeiros. Di que abandonaron aquilo pacificamente, entón de que os acusan? De que os cánticos non lle gustaban á Delegada, aos cargos políticos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Poderán contar vostedes aquí o que lles dea a gana, o Alcalde Abel Caballero o que fixo é apoiar aos traballadores/as e apoiar tamén o traballo profesional que fan nese centro de traballo e o demais poderán vostedes dicir o que queiran, poderán tratar de liar e pretender cambiar un pouco como vai isto, pero vostedes teñen competencias en Traballo e en Sanidade e polo tanto teñeno que exercer, non poden estar alí só de estatuas e dándolle as costas aos traballadores/as, non poden vostedes darlle as costas aos traballadores/as, neste caso POVISA, pero de todos.

É a súa responsabilidade e aínda por riba vostede enganar, recentemente o Xefe Territorial de Traballo anunciaba que o venres os ía recibir, sería para desactivar isto, Sra. Cendón? Sería para desactivar a moción de hoxe? E despois di que non, que iso era falso que non nos ía recibir, entón para que están gobernando vostedes? Para facer anuncios. Vostedes están para darlle as costas aos traballadores/as e hoxe lle reitero teñen unha magnífica ocasión de votar a favor desta moción.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sres/as, Figueroa Vila, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia).

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do Grupo político Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font (Presidencia), Regades Fernández, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo político do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo político do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo político Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando a retirada da denuncia interposta contra os representantes dos traballadores do hospital Povisa, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3(169).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO MECANISMO LEGAIS DANDO RESPOSTA POSITIVA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLOS PENSIONISTAS RETORNADOS AOS REQUIRIMENTOS DA AXENCIA TRIBUTARIA. EXPTE. 736/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de setembro, número 736/1101, o voceiro do grupo político Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A Axencia Tributaria está enviando cartas aos emigrantes retornados nas que se lles esixe que presenten a declaración da renda desde 2008 e sanciónaselles polos atrasos. As cantidades que teñen que pagar, entre as liquidacións e os recargos, van desde os 3.000 aos 15.000 euros.

Segundo o fisco, están obrigados a tributar por ter dous pagadores -ao cobrar unha pensión do estranxeiro e outra en España- e superar os 11.200 euros

anuais. Con todo, os afectados aseguran que xestores aos que consultaron estes anos e os propios funcionarios de Facenda informáronlles de que non era necesario declarar esas prestacións, que tampouco aparecen nos borradores da declaración da Renda.

A oleada de requerimientos comezou en Galicia e afecta a miles de traballadores españois, segundo a Federación Española de Asociacións de Emigrantes Retornados. E recomenda non facer ningún pago e presentar alegacións porque «eles nunca actuaron de mala fe».

Os emigrantes retornados contribúen ao desenvolvemento económico, social e cultural de España, arroxando unha cantidade de máis de 32.000.000 euros segundo datos do 2011.

Estes datos corresponden unicamente aos retornados asociados a algunhas das asociacións membros da FEAER, e xa que logo, non se puideron contabilizar as achegas que realizan os retornados que acoden a outras asociacións polo que a cifra pode ascender aos 70.000.000 de euros. Alemania, con preto de 13 millóns, seguida de Países Baixos e Francia son os países que maiores cantidades transfiren ao noso país. Por outra banda, en relación ao tipo de pensións, a prestación que máis perciben é a de xubilación polo Réxime Xeral.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

-Instar ao Goberno Central que axilice os mecanismos legais e dar unha resposta positiva a as alegacións presentadas polos pensionistas retornados que están recibindo requirimentos da Axencia Tributaria, porque existen convenios para evitar a dobre imposición que ata outubro de 2012 eximía ás pensións públicas estranxeiras de tributar en España. “

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 23 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Unha cuestión de orde, tal e como explicamos ao inicio dos puntos das mocións, nós entendemos que esta moción non debería estar debaténdose en aplicación do Regulamento do Pleno porque coincide exactamente co contido da moción que se votou en primeiro lugar, e polo tanto anunciamos que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego imos ausentarnos do debate e votación desta moción.

A PRESIDENCIA: Evidentemente non había ningún desorden senón o que pretendía era pronunciarse, de todas maneiras agradézolle a súa intervención.

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos esta moción porque asistimos con estupor a unha situación na que se ven involucrados pensionistas que realizaron o seu traballo no estranxeiro. Son emigrantes retornados e os pensionistas para os Socialistas sempre foron unha preocupación.

En moitos anos de goberno dende o ano 1982, é dicir, dende hai 31 anos por parte dos distintos gobernos socialistas as distintas políticas para favorecer aos pensionistas públicos foron a nosa máxima preocupación. Podería mencionar moitas actuacións realizadas por gobernos socialistas como pensións mínimas, como fomento das pensións de viuvez, incremento porcentual maior das pensións máis baixas e si isto foi así con carácter xeral puxemos maior énfasis no que concernía aos emigrantes retornados, e fixémoslo e facémolo polos seus merecementos e porque no ADN socialista está o recoñecemento precisamente aos que peor o pasaron socialmente, aqueles que pagaron co seu desarraigo, coa súa morriña, como dicimos aquí, pero aqueles tamén que remitían remesas económicas que axudaban aos que aquí se quedaron e investían economicamente en Galicia cando retornaban.

As pensións xeradas no estranxeiro son un dereito, cun sistema de convenios que a regula e son froito do esforzo daqueles, que lonxe das súas casas realizaron un traballo no estranxeiro e son produto de cotizacións pagadas nos distintos países onde traballaron, porque ninguén regala nada. Esta situación de pensión cobrada polo traballo realizado no estranxeiro débese respectar.

O que ocorre é que inmensa casualidade que agora se produza isto e por isto dicía ao principio o estupor que nos produce, que casualidade que se produza precisamente cun goberno do Partido Popular estas reclamacións aos emigrantes retornados. Para nós non é unha casualidade é unha insensibilidade clara do goberno do Partido Popular, en vez de perseguir aos grandes defraudadores como din os propios profesionais da Axencia Tributaria, o que se fai é configurar amnistías fiscais para tesoureiros que se levaron importantes cantidades, precisamente ao estranxeiro.

Para nós sabe de que depende este problema? Da avaricia do goberno do Partido Popular de buscar debedores dentro das contas públicas, desas contas que lle queren dar a súa amiga á Sra. Merkel na Unión Europea e de exprimir a normativa, como é posible? E esa é a pregunta que nos temos que facer todos, que anos despois de tanta información fiscal estas persoas non tivesen coñecemento de que debían tributar, discrepamos de cuestións que se dixeron por parte do Partido Popular nesta sala, o esforzo que tódolos gobernos estatais fixeron por facilitar información fiscal aos cidadáns foi enorme nos últimos anos, todos recibimos no noso domicilio a comunicación de que pagadores temos e de que cuestións tanto laborais, como de contas bancarias temos rexistradas e controladas por Facenda, recibimos un borrador de declaración da renda, podemos ir a realizar no programa PADRE esta mesma declaración e a sorpresa é que precisamente a este colectivo nunca se lles haxa informado.

Esta é unha realidade, eu non quero poñer na balanza de si unhas persoas nesta mesma situación declararon si ou non, se son moitos ou son poucos, o que é evidente é que hoxe un colectivo moi importante de persoas que aportan moito economicamente ao Estado Español vense nunha situación na que se lles trata practicamente como defraudadores, e é isto o que nos rexeitamos porque evidentemente cando tódolos coches veñen en sentido contrario ao noso e isto é o que lle pasa hoxe á Axencia Tributaria, a que está confundida é a Axencia Tributaria, dillo o concelleiro de tráfico que disto sabe un pouco.

SR. FIDALGO IGLESIAS: De tráfico seguro que sabe pero de pensións xa non tanto.

No que estamos un pouco sorprendidos e asombrados é que este debate xa se produciu antes, non imos repetir os mesmos argumentos. Acabámoslle de pasar unha emenda de substitución que é o acordo que se aprobou por unanimidade no Parlamento de Galicia, que incide na posición do Partido Popular que é a de dar información sobre o que está pasando e quen ten a obriga de declarar e non.

Segundo, igualdade de trato en tódalas Axencias Tributarias porque sabemos que hai direccións territoriais que están tratando o tema dunha maneira e outras direccións territoriais doutra.

En terceiro lugar, que non se cobren nin sancións nin intereses de demora.

Cuarto que si os pensionistas emigrantes retornados teñen que pagar algo que se lles facilite a través de aprazamentos este pago.

Isto é o que o Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego, Anova e o Partido Popular votaron a favor no Parlamento de Galicia e cremos que é o que deberíamos de facer por responsabilidade no Concello de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo creo que o acordo adoptado no Parlamento de Galicia está adoptado, foi nun contexto determinado e polo tanto, nin imos corrixir este acordo pero tamén é certo que nós, que estou seguro que se leu ben a nosa moción e o texto que expoñemos, propoñemos algo máis. Precisamente esa era a cuestión de matiz coa moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, porque hai un aspecto que non foi mencionado, pero hai moi distintas situacións nas reclamacións que está realizando a Axencia Tributaria porque tamén está facendo reclamacións aos descendentes de persoas que xa faleceron, aos herdeiros de persoas que xa faleceron. Polo tanto, esta é unha situación tremendamente inxusta para cada un dos afectados, é dicir, hai persoas que teñen unha maior reclamación, outras que teñen unha menor reclamación e insisto, o tratamento que lles deu a Axencia Tributaria pouco menos que os equipara ao concepto de defraudadores e a pregunta é se todos son defraudadores? Si tamén aqueles que non coñecían a situación fiscal dos seus pais ou dos seus avós ou daqueles que os converteron en herdeiros, tamén aqueles teñen que pagar.

Polo tanto, nós o que queremos, é verdade que apoiamos a moción do Bloque Nacionalista Galego que establecía unha serie de cuestións maiores en número pero non é menos certo que nós o que propoñemos é que o Goberno Central teña sensibilidade, que teña unha forma legal para o que foi falla de información, solucionalo e que estas persoas non se vexan afectadas e que cada demanda realizada polas persoas que se atopan nesta situación sexa atendida, porque evidentemente, e como dicía con anterioridade, é moita a casuística polo que a nós nos trasladan das persoas que se atopan nesta situación.

Eu quero facer un recoñecemento en nome dos socialistas ás persoas que

traballaron no estranxeiro, quero reiterar que estas pensións constitúen para eles un dereito, e para o Goberno da Nación é unha obriga o articular uns convenios co resto dos Estados membros da Unión Europea ou doutros países para que estas persoas non se vexan afectadas. Todos debemos saber que con toda seguridade os emigrantes retornados aportan por este sistema de pensións 70 millóns de euros, esa é a estimación á economía española e ben merece que os tratemos con dignidade e que non creamos a sombra de dúbida de que son uns defraudadores.

A PRESIDENCIA: Non se acepta a emenda presentada.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sres/as, Alonso Pérez, Domínguez Olveira, Veloso Rios, Figueroa Vila, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo político Socialista, Sr. López Font, instando ao Goberno do Estado respostas positivas ás alegacións presentadas polos pensionistas retornados, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4(170).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE SE PRONUNCIE NÍTIDA E CONTUNDENTEMENTE SOBRE A PERMANENCIA DA COLECCIÓN PICTÓRICA DE CAIXANOVA NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 737/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de setembro, número 737/1101, o voceiro do grupo político Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“As pezas artísticas que ten en propiedade a Obra Social de Novacaixagalicia proceden da colección herdada da desaparecida Caixanova. Son 5.500 obras sobre todo pictóricas, de máis de catro mil pintores galegos de distintas épocas, e que pasaron á Obra Social.

Non obstante, a colección de Caixa Galicia, que alberga obras de Dalí ou Picasso, queda en mans de NCG Banco. O banco que preside José María Castellano quedouse coa colección ao completo de máis dun milleiro de óleos. Arguméntase que a colección Caixa Galicia foi adquirida a través de fondos financeiros. Como se xestionarán está aínda enriba da mesa, aínda que a día de hoxe, esas 1.500 obras seguen tuteladas pola Obra Social e os fondos artísticos da Obra Social son os de orixe da extinta Caixanova.

O Presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, tamén anunciou no Parlamento que a Xunta acaba de iniciar os trámites para declarar Ben de Interese Cultural as coleccións de bens artísticos de Novagalicia Banco e da fundación Novacaixagalicia.

Pero os xestores da obra social mostraron a súa preocupación pola posibilidade de que se perda parte da colección de arte que atesouraron as caixas. Na comisión quedou claro que así como Caixanova adscribiu no seu momento a súa colección á súa obra social, Caixa Galicia contabilizouna como investimento, polo que acabou sendo transferida a Novagalicia Banco, que podería desfacerse dela para mellorar as súas contas.

Este valioso patrimonio é consecuencia da confianza que os cidadáns de Vigo depositaron nunha entidade financeira que foi durante décadas un aceno de identidade da cidade olívica e é por iso que é primordial que non consintamos que outros se apropien daquilo que por xustiza nos pertence

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

-Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a que se pronuncie de forma nítida e contundente sobre a permanencia da colección pictórica de Caixanova na cidade de Vigo.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 23 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: Debateremos moito neste salón sobre a fusión das Caixas de Aforros, sobre o roubo de Caixanova á cidade de Vigo e debateremos moito e fixemos moitas afirmacións sobre a repercusión que este roubo, desaparición significaba para a cidade de Vigo.

Moito, pero lamentablemente os peores augurios, os que manifestamos os socialistas neste salón plenario se confirmaron. A incidencia económica da decisión do Sr. Nuñez Feijóo están á vista, o que significou para esta cidade o que aquela fusión de caixas de aforros se levase a cabo, se Caixanova era fundamentalmente economía e era achega ao tecido social e económico desta cidade, pero tamén era cultura, esencialmente era un apoio por parte de Caixanova á cultura desta cidade.

Todos somos conscientes, todos vivimos o apoio que dende Caixanova se prestaba á realización de eventos culturais que seguro que non se houberan realizado nesta cidade de non ser por esa achega. Todo vimos a achega a grupos culturais, deportivos e todos presumimos nesta cidade das instalacións que aquela obra social, contribución do aforro dos vigueses significou para a cidade, precisamente por como se chegou a ese patrimonio, a ese apoio é este e toda a actividade cultural que se xerou un patrimonio dos vigueses. Un patrimonio que se forxou cos seus aforros e que hoxe afortunadamente, podemos dicir que foron correctamente canalizados para ter neste momento un patrimonio cultural propio que é do que vimos a falar e sobre o que manifestamos, solicitamos que este Pleno se manifeste con nitidez.

Neste aspecto podemos referirnos ao máis singular que é a colección de arte de Caixanova, colección forxada co aforro dos vigueses e canalizada para patrimonio propio sen facer “triquiñuelas” financeiras como a da caixa enferma do norte. A caixa sá que nós sempre dixemos que había sobrevido mantivo o seu patrimonio cultural, menos mal que o mantivo porque hoxe podemos solicitar o que esta colección se manteña en Vigo sobre outras coleccións e outras situacións é posible que xa nin sequera isto se poida propoñer porque sexa obxecto de propiedade do Banco.

Dicía que mantivo o seu patrimonio cultural, e menos mal, porque é certo que os

vigueses e este Goberno Municipal tampouco houberamos consentido que dende esta cidade se houbera perdido ese patrimonio cultural. Pero hoxe atopámonos nunha incerteza tremenda porque estamos falando de Vigo, e cando se ten que pronunciar o Partido Popular, o Presidente da Xunta de Galicia ou o Presidente da Deputación, cando concirne a Vigo todos son dúbidas, poñémonos a tremer sobre os seus pronunciamentos e todos nos poñemos en garda sobre o que pode ser un novo espolio.

O Sr. Núñez Feijóo, novamente está en medio desta decisión, anunciou o converter en ben de interese cultural esta colección, o Alcalde desta cidade firmou e reafirmou o seu pronunciamento favorable a esta posición e imos apoiar esta posición, pero da mesma forma que neste Pleno foi aprobada unha moción instando á Fundación do novo banco a que haxa información neste Concello sobre que se pretende facer, as declaracións do Sr. Núñez Feijóo échennos de preocupación cando os medios de comunicación preguntanlle sobre as exposicións en Santiago de Compostela, sobre este fondo cultural e literalmente contesta que “de situacións xa falaremos”, evidentemente os que coñecemos, os que padecemos, os que sufrimos as decisións políticas do Sr. Núñez Feijóo, insisto, votámonos a tremer e por isto textualmente pedimos un pronunciamento nítido e contundente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xa se ve, Sr. López Font, a gran preocupación que o Alcalde desta cidade e o goberno socialista ten pola fundación Novacaixagalicia. O día 14 do pasado mes de maio o Bloque Nacionalista Galego a través da nosa voceira, presentou unha moción a este Pleno onde, vostedes equivocáanse, non instabamos á Fundación Novacaixagalicia, instábamos ao Sr. Alcalde, o 14 de maio, para que inmediatamente de xeito urxente demandara toda a información detallada sobre as súas propiedades, actividades e sobre os postos de traballo da Fundación Novacaixagalicia .

Instabamos tamén ao Sr. Alcalde para que nos dera traslado de toda a información que puidera recoller sobre cal era a situación actual desa Fundación e todo o que leva consigo.

Isto foi o 14 de maio, pois ben, un mes despois volvemos a facer unha pregunta

no Pleno para preguntarlle ao Sr. Alcalde que pasaba con esta información, e que xestión tiña realizada ata ese momento para que a Fundación Novacaixagalicia nos dixera que pasaba con esas coleccións e con toda a súa estrutura como Fundación. Ao día de hoxe, despois de máis de 4 meses, nin o Sr. Alcalde nin o Goberno Municipal nos ten contestado absolutamente nada sobre estas accións que o Pleno da Corporación unanimente lle pediu que fixera. Despois de catro meses e de xeito oportunista, unha vez máis o Goberno socialista e o Alcalde desta cidade se erixen en que? En salvadores desa colección pictórica, pois non, moito antes desta moción, o Bloque Nacionalista Galego ten presentado, non só aquí, senón tamén no propio Parlamento de Galicia, accións encamiñadas a que non desapareza ningún dos legados pictóricos e patrimoniais de moita importancia tanto cultural como histórica que existen nesta cidade.

Imos apoiar, claro que si, nós non facemos como vostedes, nós non apoiamos ou non votamos a favor dunha moción para logo non facer nada. Nós imos apoiar esta moción porque nós dicimos nítida e claramente, o Bloque Nacionalistas Galego di que a colección pictórica de Caixanova ten que quedarse na nosa cidade, e sitios hai de abondo para que esa colección poda quedar exposta para desfrute de tódolos vigueses/as que foron cos seus aforros os que configuraron e constituíron todo o que hoxe é ese legado.

Tamén me gustaría dicir algo importante, porque vostede sempre fai mención ás fusionés, todo isto que hoxe estamos a discutir, a debater e que vostedes están esixindo ao Sr. Feijóo igual que lle esiximos nós, todo isto teríase solucionado se Novacaixagalicia fora un banco público galego, como temos reclamado os nacionalistas, o Bloque Nacionalista Galego, porque moito falar hai uns meses, hai algúns anos pero eu non lle estou escoitando a ninguén do Partido Popular, nin a ninguén do Partido Socialista dicir nada coa futura venda de Novagaliciabanco, que se vai vender a uns grupos inversores estranxeiros, a prezo de saldo, cando estamos falando dun banco que está en máis do 95% intervido con cartos públicos. O que se tiña que ter feito naquel momento e agora mesmo tamén, é atribuír tódalas competencias á Xunta de Galicia para poder declarar esta banca, un banco público galego, deste xeito teríamos conseguido que tanto as coleccións como todo o patrimonio que foi conseguido

cos aforros de tódolos vigueses/as e tódolos galegos/as puidera permanecer de onde nunca debeu saír, de Galicia e neste caso de Vigo.

Esta é unha moción oportunista porque téñennos demostrado que dende hai máis de catro meses este goberno municipal e este Alcalde, non ten feito ningunha soa xestión capaz para abandeirar precisamente un fronte amplo como demandabamos o Bloque Nacionalista Galego que defenda todo este patrimonio que é un patrimonio de tódolos vigueses/as, nin do Alcalde nin do Grupo Municipal Socialista, é un patrimonio de tódolos vigueses/as.

SRA. CENDÓN ALONSO: A verdade é que me congratula todo este discurso do Sr. Domínguez, benvidos todos a defensa da colección de arte de Caixanova, benvidos de verdade.

Efectivamente, esta moción é absolutamente oportunista do Grupo do Goberno, que nunca defendeu á Fundación, máis ben todo o contrario, utiliza á Fundación como arma política para un fin nefasto.

Sr. Domínguez, benvido tamén a esta loita porque teño que lembrarlle que foi o seu grupo o Bloque Nacionalista Galego o que no Parlamento de Galicia presentou unha moción para que a colección de arte de Caixanova fora íntegra para o Gaiás, para formar a Pinacoteca Nacional de Galicia. Congratúlome de que se pronuncie nitidamente, esa colección debe permanecer nesta cidade, non porque se fixera cos aforros dos vigueses, colaboraron tódolos galegos, os aforros de tódolos galegos, os de Ourense, Vilagarcía, os de Pontevedra, os de Santiago de Compostela, todos, pero esta cidade foi quen de gardar esa colección e de difundila e esa é a grandeza pola que temos que defender que a colección permaneza nesta cidade.

Ningún interese por parte dos Socialistas, ningún interese en facilítanos a información, nin a van a facilitar, pero afortunadamente facilitouna o director, o xerente da Fundación, claramente con toda a actividade.

O Sr. Font, para comentar so sería unha anécdota, errar nas propostas e na exposición de motivos, sería unha anécdota senón fose tan grave como que fala incluso de 4.000 artistas, pois ogallá tiveramos 4.000 artistas na colección pero dicía Risco de tódolos galegos que somos “artistiñas”. Nin sequera contando con

tódolos galegos contaríamos con 4.000 artistas na colección, en calquera caso é unha boa colección, a mellor de arte galego.

Nós, dende o Grupo Popular, non só defendemos a permanencia da colección na cidade de Vigo, defendemos tamén a permanencia da sede permanente desa Fundación, defendemos iso.

O Presidente da Xunta de Galicia foi quen de facer a mellor defensa da colección de arte, a declaración de “Ben de interese”, isto vai supor que esta colección non se poderá fragmentar, que calquera actuación sobre esta colección vai ter que ser notificada á Xunta de Galicia, e esta vai inspeccionar. Garántese a difusión desta obra de valor artístico, que é o interesante.

Nós estamos interesados na colección de arte é sobre todo nas outras parcelas de actividade da Fundación, que teño que lembrar que son catro, área social, área patrimonial, área cultural e área de emprego e formación, todas como actividade, esta Fundación segue viva e ten que seguir viva coa colaboración das institucións e da poboación civil, temos que continuar coa actividade tan grande que ten esta Fundación. Por isto nós presentamos unha emenda na que recollemos dous puntos, o primeiro na Xunta Xestora que neste momento está a rexer á Fundación presentou a dimisión un dos seus membros que curiosamente ademais era a representación do Consello territorial Sur, nós pedimos que esta persoa sexa substituída, que este Concello solicite a substitución desta persoa e que garanta a representatividade territorial.

Facemos unha segunda emenda, porque nós xa lle temos solicitado ao Alcalde algunha proposta ao respecto do Padroado, isto foi o que fixo o Alcalde de Vigo desta Corporación pola Fundación, non entrar na negociación dos futuros patróns desta Fundación, non querer entrar, isto é o que vai marcar o futuro da Fundación e a traxectoria da Fundación, por isto, noutra emenda pedimos que se faga unha proposta de patróns para a futura Fundación. A futura Fundación non, a Fundación especial en Caixagalicia, e que eses patróns sexan consensuados e haxa unha pluralidade e representación territorial, a paridade que se marcou no pacto.

SR. LÓPEZ FONT: Non é esta unha moción oportunista nin nos queremos

converter nos salvadores da colección pictórica de Caixanova. Somos os máximos defensores desta colección como goberno da cidade, contando co apoio de quen realmente se posiciona a favor do mantemento desta colección e de que a súa sede este na cidade de Vigo, o resto é hipocrísia política como a da Sra. Cendón.

Sr. Domínguez Olveira coñezo perfectamente a moción que vostedes presentaron no Pleno de maio o Alcalde desta cidade cumpriu co acordado nese Pleno e trasladou á Fundación o que neste Pleno se acordou, pero como vostede ben sabe, por todo o que concirne á relación institucional co Partido Popular, dous non poden falar se un non quere. No Pleno do mes de xuño contestóuselle ao Grupo Político do Bloque Nacionalista Galego sobre o que ocorrera e sobre a negativa a informar a este Goberno Municipal sobre o que este Pleno demandaba. Polo tanto, estamos nun estrito cumprimento por parte do Alcalde, do aprobado por este Pleno pero tamén estamos e demandamos porque todos nos pronunciemos sobre o que queremos con esta colección. Non se pode dicir que o Sr. Núñez Feijóo lle garanta nada a esta cidade porque o único que lle garanta é un hospital privado, recortes e porque o Sr. Núñez Feijóo literalmente cando se lle preguntou sobre sedes da colección dixo, sobre situacións xa veremos.

A Sra. Cendón quere vir a contarnos aquí as excelencias do Sr. Núñez Feijóo, e esta cidade, Sra. Cendón, está sendo maltratada polo goberno que preside o Sr. Núñez Feijóo.

Polo tanto, vostede en vez de falar de cambiar á secretaria, de negociacións, do que di o Alcalde, o que debe pronunciarse é sobre o que nós fixemos, que esta colección sexa un VIP, e apoiamos ao Presidente da Xunta de Galicia. Unha vez dito iso, que é unha parte moi importante, a continuación, evidentemente teñen que entender vostedes o noso temor polas actuacións dos gobernos do Partido Popular, o que debemos dicir e solicitar é que o Presidente da Xunta de Galicia diga publicamente que quere que a colección pictórica de Caixanova se quede en Vigo, e vostede lamentablemente, e os vigueses quitarán a conclusión, o que intentou é esquivar, dicir o ben que o fai pero non se posiciona sobre o que propoñemos.

En relación coa súa emenda de adición nós non entramos no punto número un

porque descoñecemos, precisamente por non comunicarnos nada en relación co funcionamento da Fundación e si aceptamos o punto dous porque estamos de acordo en que a Comisión Xestora atenda a este Goberno.

Polo tanto, aceptaríamos o punto número dous, se lle parece.

Imos aceptar a emenda de adición cos dous puntos segundo propón vostede porque aínda que non teñamos comunicación somos partidarios de que a representación do Consello Territorial do Sur este dentro de este Padroado.

No transcurso do debate, a concelleira do Grupo político do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, presenta a seguinte emenda de adición:

“1º.- Solicitar a comisión xestora da Fundación Novacaixa Galicia á substitución da ex secretaria do Consello de Administración NCG por outro representante do Consello territorial sur.

2º.- Trasladar a comisión xestora a petición de negociación e consenso no nomeamento dos futuros patronos da Fundación especial Novacaixa Galicia.”

Ao seren aceptada a anterior emenda de adición polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

(No momento da votación atópanse ausentes os Sres/as, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia).

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aprobar a emenda de adición.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo político do Partido Popular,

Sra. Cendón Alonso, quedando co seguinte texto:

1º.- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a que se pronuncie de forma nítida e contundente sobre a permanencia da colección pictórica de Caixanova na cidade de Vigo.

2º.- Solicitar a comisión xestora da Fundación Novacaixa Galicia á substitución da ex secretaria do Consello de Administración NCG por outro representante do Consello territorial sur.

3º.- Trasladar a comisión xestora a petición de negociación e consenso no nomeamento dos futuros patronos da Fundación especial Novacaixa Galicia.”

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(171).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 4 de setembro e 26 de setembro de 2013.

1.2(172).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías

delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucíons, entre as datas 4 de setembro e 26 de setembro de 2013.

1.3(173).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DELEGANDO ATRIBUCIÓNS AO CONCELLEIRO DE FOMENTO PARA A DIRECCIÓN TÉCNICA E POLÍTICA DO EXPEDIENTE DE “CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA”. EXPTE. 742/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de setembro de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 13 de xuño de 2011 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada a área de Fomento, atribuíndose ao seu titular a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVE

Primeiro.- Delegar na Concellería da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos seguintes asuntos:

EDUCACIÓN

CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA

32106220003

CONSTRUCCIÓN ESCOLA INFANTIL EN NAVIA (1ª ANUALIDADE)

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓN.

4.1(174).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL ACCIÓNS NECESARIAS PARA MELLORAR A MOBILIDADE NA CIDADE E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 734/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de

setembro, número 734/1101, o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, formula a seguinte moción:

“Tendo sido este mes a semana mundial da mobilidade, e sendo coñecedores dos últimos datos estatísticos sobre transporte de viaxeiros e transporte metropolitano do Instituto Nacional de Estatística que indican subidas na comunidade autónoma no número de usuarios que utilizan o transporte público urbano e metropolitano dende o Partido Popular nos preguntamos cales son as accións que está tomando ou ten planificadas o Grupo de Goberno Municipal da nosa cidade para mellorar as cifras con tendencia negativa dos últimos trimestres tanto no número de usuarios de transporte urbano e metropolitano.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ó goberno municipal a que acometa todas as accións necesarias para mellorar a mobilidade nesta cidade entre as que destacamos:

1.- Instaurar no prazo de 6 meses unha tarxeta metropolitana que permita unha redución no custe para os usuarios de entre un 30 e un 60% permitindo unha maior interconectividade coa área metropolitana e o resto do territorio da comunidade Autónoma.

2.- Instaurar unha tarxeta urbana no prazo de 6 meses de tarifa plana que permita os usuarios máis desfavorecidos beneficiarse do transporte público urbano a un custe moi reducido.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. ARAÚJO PEREIRA: Este mes celebrouse a semana mundial da mobilidade, para dicir a verdade neste Concello non se celebrou nada. A mobilidade é un tema do que non queren oír falar, máis ben céntranse na inmovilidade e no illamento.

Pois ben, sendo coñecedores dos últimos datos estadísticos sobre o número de usuarios de transporte urbano e metropolitano que quitou o INE, o Instituto Nacional de Estadística, os cales indican subidas na Comunidade Autónoma de Galicia en número de usuarios que usan o transporte público urbano e metropolitano. Dende o Partido Popular preguntámonos cales son as accións que

se están tomando ou ten planificadas o Alcalde e o seu grupo municipal para mellorar ás últimas cifras con tendencia negativa dos últimos trimestres, tanto no número de usuarios de transporte urbano como de número de usuarios de transporte metropolitano nesta cidade.

Despois de tantear á cidadanía viguesa e escoitar cales son as súas necesidades e as propostas para facer as melloras nestas necesidades, dende o Partido Popular facémonos partícipes da súas achegas resumíndoas neste sentido.

A mellora da mobilidade, Sr. Presidente, en Vigo depende en gran medida da potenciación do transporte urbano e metropolitano público, é dicir, hai unha poboación de 81.405 habitantes que se beneficiarían desta mellora en mobilidade.

Os vigueses queren un transporte eficiente, cómodo e que non lles xere problemas ao moverse por Vigo e os seus arredores. O transporte que os vigueses fan na área urbana e metropolitana é excesivamente custoso e ineficiente, non o digo eu senón a enquisa de VITRASA que é empresa concesionaria deste tipo de transporte e os cidadáns din, nesta enquisa que non usan o transporte público colectivo con máis frecuencia porque cuestionan o prezo, que é o maior de tódalas cidades de Galicia. Tamén é verdade que cuestionan os tempos de espera que son moi amplos, cando Sr. Font, vostede e o Alcalde falaban e prometían ao principio da lexislatura que ían a mellorar estas frecuencias, cousa que non fixeron.

Dende o Partido Popular propoñemos que se permita aos vigueses reducir os seus custos de transporte instaurando a tarxeta transporte metropolitana da Xunta de Galicia, pola cal esta administración aportaría cinco millóns de euros para a promoción e para a implementación desta tarxeta.

Póñolle varios exemplos de mellora e o aforro dos viaxeiros que usan esta tarxeta, viaxeiro que poida ir de Redondela ao hospital de Meixoeiro porque ten a alguén no hospital, o prezo hoxe é de 1,24 euros, coa tarxeta de transporte metropolitano de Galicia sería 0,72 euros, se fai máis de 40 viaxes 0,61 euros, isto reportaría un aforro para este usuario de 320 euros anuais se o usase de forma recorrente 250 días. Outro exemplo, Vigo-Baiona, prezo de hoxe 2,30 euros, prezo con tarxeta de transporte metropolitano 1,75 euros, con máis de 40

viaxes 0,94 euros, se usase este transporte 250 días por vir a traballar ou por calquera tema laboral na cidade, tería un aforro anual de 600 euros.

Por todo isto, solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo, instar ao Goberno Municipal a que acometa tódalas accións necesarias para mellorar a mobilidade nesta cidade, entre as que destacamos: un, instaurar no prazo de seis meses unha tarxeta metropolitana que permita unha redución no custe para os usuarios de entre un 30 e un 60% permitindo unha maior interconectividade coa área metropolitana e co resto do territorio da Comunidade Autónoma.

Instar a implantación dunha tarxeta urbana no prazo de seis meses, de tarefa plana que permita aos usuarios máis desfavorecidos beneficiarse de transporte público urbano a un custe moi reducido.

Dicía que a teoría é clara neste tema, Sr. Presidente, e a aplicación práctica nos da a razón con estes datos da enquisa Eline, os sistemas entregados de transporte presentan claras vantaxes para os cidadáns e para os concellos, non o digo eu como concelleiro do Partido Popular senón que transmito como técnico de forma resumida o que catedráticos universitarios expertos nesta materia concluíron despois de anos de investigación.

SR. ALONSO PÉREZ: Non podemos votar a favor desta moción do Partido Popular polas decisións que toman nas administracións onde gobernan e que precisamente non axudan a favorecer a mobilidade.

O Partido Popular vota en contra de propostas do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento Galego para que non se supriman as liñas de Gondomar e de Baiona a Vigo, vota en contra das melloras que propón o Bloque Nacionalista Galego para o transporte da ría facendo un servizo público, o Partido Popular no Goberno do Estado non contesta ás demandas do Bloque Nacionalista Galego do Ferrocarril de proximidade e nin clarexa que pasa por Guixar, e o que é peor, no tema da mobilidade o Partido Popular vota no Parlamento Galego en contra dunha proposta do Bloque Nacionalista Galego para facer un Plan de Mobilidade na Área Metropolitana, con estes antecedentes é imposible que se lle aprobe unha moción.

Pero isto non significa que non exista o problema, que está aí, que hai planificar e tomar accións para solventar o problema grave que ten a Área Metropolitana. As propostas ademais deben ter un carácter integrador, Vigo e a Área Metropolitana necesitan un sistema nodal de transporte onde haxa intercambiadores que integren o Porto e as comunicacións da ría co ferrocarril de proximidade e coas comunicacións por estrada. Hai que comunicar as estacións de ferrocarril, a estación de autobús co Aeroporto.

É necesario tomar medidas e se efectivamente o Partido Popular non as toma naquelas administracións que goberna, o Partido Socialista en Vigo a verdade e que leva seis anos invernando. Eu creo que deberían copiar un pouco, ir á hemeroteca e ver que fixo o Bloque Nacionalista Galego cando tivo a responsabilidade desta Concellería en Vigo. O concelleiro responsable, cando o Bloque Nacionalista tiña esta responsabilidade, pateou tódalas parroquias e barrios de Vigo para consensuar un plano de liñas en toda a cidade, puxo o billete de transferencia, lanzadeiras á Universidade, lanzadeiras que hoxe, ademais por suprimir liñas nin atenden as necesidades de biblioteca que teñen os alumnos.

O Goberno Local ten no seu haber algo negativo e é que non atende ás demandas dos veciños, porque este concelleiro que lles fala no mes de decembro do 2012 fixo unha pregunta atendendo ás demandas dos veciños de Zamáns e de Teis que vían que non tiñan comunicación co Meixoeiro e a día de hoxe non contestou. Iso non o pode facer un goberno, no pode facer oídos xordos ás peticións dos veciños, pero o que é máis grave? O que é moito máis grave é que non está atendendo a situación económica de crise que está padecendo a cidade e adecuar os prezos de VITRASA e esa situación, porque a xente que utiliza o VITRASA é a xente que máis padece a crise e hai que atendelos, e o mesmo que fixeron un convenio co Celta para que os desempregados vaian os domingos ao campos de fútbol, que menos que facer un convenio con VITRASA para atender as necesidades da xente que está padecendo nestes momentos o problema da crise.

O Goberno Local tense que poñer as pilas e deixar de invernar e tomar decisións en materia de transporte, xa anunciamos, o Bloque Nacionalista Galego vaixe opoñer a ningunha suba do prezo de VITRASA.

Polo que acabo de expoñer ao respecto da responsabilidade que ten o Partido Popular imos votar en contra da moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Sr. Araújo, o concelleiro de Transportes, como ven dicía o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego é o Sr. Regades, non o Sr. López Font, eu creo que é bo que se lean os boletíns e os Decretos deste Concello porque son corporativos.

Sr. Araújo, vostedes insisten seguramente porque o Sr. Figueroa lles di que teñen que insistir en dicir mentiras tras mentiras neste Plenos, pero eu dígolles que teñen que dicir verdades porque cando din que o billete de autobús da cidade de Vigo é o billete máis caro están mentindo unha vez máis. Os discapacitados de A Coruña pagan polo billete de autobús 0,33 céntimos, a xente con discapacidades diferentes na cidade de Vigo, sabe canto pagan? Voullo dicir Sr. Araújo, pagan cero euros, non só eles senón tamén o seus acompañantes, a persoa que o acompañe tamén paga cero euros. A Coruña 0,33 euros, Vigo cero euros. Xubilados e pensionistas da cidade de A Coruña canto pagan Sr. Araújo? Pagan 0,33 euros. Canto pagan os xubilados e pensionistas da cidade de Vigo? Pagan cero euros. 252 condutores, o 11% son mulleres, 121 autobuses, 12.155 prazas, 38 liñas, 21.500 quilómetros ao día, 7.836.000 pasaxeiros ao ano, que son duascenas voltas ao mundo, repito na cidade de Vigo dánse duascenas voltas ao mundo cos autobuses que recorren a nosa cidade. 22,5 millóns por viaxe e o 75% dos usuarios que usen o transporte público son usuarios da tarxeta verde.

Sr. Araújo, cando gobernaba o Partido Popular na cidade destináballe aos bonos sociais seis millóns de euros, o Sr. Abel Caballero dende que goberna na cidade no ano 2012 destina a estes bonos sociais 9.743.449 euros, de seis millóns pasamos a case dez millóns de euros en bonos sociais. Si isto non é asumir a crise eu creo que os que no asumen a crise son vostedes.

De tódalas formas non fan propostas moi significativas, pero imos a contarlles algo máis, bonos da cidade de Vigo, os bonos normais, a tarxeta verde a que usa o 75% dos usuarios custa 0,86 euros porque está bonificado dende o Concello con 9 millóns de euros. Dígolle máis, os pensionistas que perciben pagas non contributivas nestes momentos teñen a viaxe gratuíta son bonificados pola

cidade, polo Concello, con 1.335.000 euros, os pensionistas? Que son os que cobran menos do salario mínimo teñen a viaxe gratuíta; son subvencionados por este Concello por 2.700.000, os estudantes que van ao CUVI son bonificados pola cidade por máis de un millón de euros e pagan 0,65 euros. O bono social, que son as persoas que teñen renda activa de reinserción nestes momentos pagan 0,65 céntimos. Poderíamos seguir así durante toda a mañá, o bono de mobilidade reducida do que falábamos antes, cero céntimos na cidade 9.743.449 euros fronte ao seis millóns de cando gobernaban vostedes.

Nós que si que estamos actuando contra a crise, vostedes non estaban actuando contra a crise, cos que máis o necesitaban antes cando gobernaban e agora dende gobernan.

E moi simpático que nos pidan a nós competencias que ten a Xunta de Galicia, non imos facer unha tarxeta á Área Metropolitana, a obriga e as competencias de facer unha tarxeta da Área Metropolitana tena a Xunta de Galicia. No último borrador que nos presentou a Xunta de Galicia para facer unha tarxeta de transporte metropolitana queríannos cobrar ao ano un millón de euros, o Concello de Vigo non vai pagar a outros concellos limítrofes a súa tarxeta de transporte.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sr. Regades, a miña alusión ao Sr. Font é porque el mesmo dixo que era o concelleiro de transportes, non sei se non sabía onde se atopaba. Mire en canto á discapacidade, por debaixo dun 34% de discapacidade neste Concello teñen que pagar o transporte, en canto a pensionistas teñen que ser cunha pensión que lles deixe case pobres de solemnidade para non ter que pagar o transporte.

Sr. Regades, non siga por eses rumbos porque non engana a ninguén que os cidadáns saben perfectamente o que pagan e non pagan. Todo o que pagan os cidadáns, o que o Concello aporta para estes bonos, a onde vai Sr. Regades? Dígollo eu, á concesionaria VITRASA, que cada día, dende que vostedes están aquí, aumenta os seus ingresos e tamén, cada día enganan máis á cidadanía dicindo que baixan a tarefa de VITRASA, obviamente non é así ou non o entende así a concesionaria que normalmente preitea, de cara o futuro si tódolos

cidadáns vigueses teremos que pagar o prezo real que ten a tarefa de VITRASA. Eu dígolle obviamente que a Xunta de Galicia quere implantar a tarxeta de transporte metropolitano, normal, nisto tamén é normal que non sexamos contraditorios Sr. Alonso, porque xa se presentou aquí o Plan de Mobilidade de Transporte Metropolitano que vostede o coñece, posiblemente mellorable pero si que é verdade que é absolutamente necesario, por que? Porque mellora a oferta íntegra de servizos, de feito a Redondela increméntanse os servizos un 13%, a Baioina nun 45%, a Porriño nun 39%, a Moaña ou Cangas por estrada 140%, en barco un 11% etc.. Isto que implica? Implica que os impactos na cidade desa xente que ven no seu transporte público sexan menores e se aumente a fluidez do tráfico. Tamén aumenta a oferta coordinada no ámbito de implantación, a adecuación de itinerarios ás necesidades reais que hoxe en día, e levan seis anos aquí, non se levan revisado, puntos de intercambio adecuados, intercambios nodais, que tampouco fan nada por isto, incremento do control por parte da administración prestadora do servizo.

Sr. Regades dime quen está controlando á concesionaria neste momento, porque os datos que temos son os datos que da a concesionaria do número de viaxeiros, pero non imos entrar neses ámbitos. Melloran as condicións das ofertas económicas tanto para usuarios con novos títulos de transporte máis económicos, sistemas de nova tecnoloxía de pago con bonificacións económicas, vantaxes para os concellos, dígolles unhas cantas, desenvolvemento da mobilidade sostible, melloras dos impactos ambientais interurbanos e espazos urbanos, melloras nas condicións de tráfico.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo político do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e doce votos en contra dos membros do Grupo político Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e mais dos membros

do Grupo político do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, instando accións para mellorar a mobilidade na cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2(175).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL MECANISMOS PARA CONSOLIDAR E FORTALECER O TURISMO EN VIGO CON INICIATIVAS DE INTERESE PARA OS VISITANTES. EXPTE. 735/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de setembro, número 735/1101, o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Alvarez Pérez, formula a seguinte moción:

“Fidelizar o turismo e incentivar o consumo pola súa parte, e un dos obxectivos básicos de calquera cidade plural e moderna como debería de ser Vigo.

Como obxectivo, o concello debería de volcarse en buscar tódalas medidas posibles para reactivar o consumo na nosa cidade e apoiar de forma decidida tódalas medidas orientadas a cumprir ese obxectivo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a por en marcha os mecanismos necesarios orientados a consolidar e fortalecer o turismo na cidade de Vigo con iniciativas de interese para os visitantes.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 23 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Fidelizar o turismo e incentivar o consumo pola súa parte, é un dos obxectivos básicos de calquera cidade plural e moderna como debería de ser Vigo. Como obxectivo o Concello debería de volcarse e buscar tódalas medidas posibles para reactivar o consumo da nosa cidade, e apoiar de forma decidida tódalas medidas orientadas a cumprir este obxectivo.

Como xa se mencionou en varias ocasións, o turismo en Vigo é un estímulo para a economía da nosa cidade, e un importante apoio ao comercio e ao sector da hostalaría, por isto cremos demasiado importante non deixar pasar as oportunidades que poidan permitir, incentivar sectores básicos para a nosa cidade como poidan ser o turismo no sector hostaleiro.

Dende o Partido Popular facemos esta proposta porque con ela cremos que podemos axudar a reducir os desbastadores efectos da crise sobre o consumo na nosa cidade. Principalmente propoñemos dúas medidas a maiores das que viñemos propoñendo dende hai máis de dous anos, medidas que por suposto non fixeron nada , non se vaian a sufocar.

Coa primeira buscamos fidelizar o consumo de produtos e servizos da nosa cidade por parte dos turistas que a visitan, por iso propoñemos a creación de tres tarxetas a Vigo Pass cun día de vixencia, a Vigo Pass Plus con tres días de vixencia e a Vigo Cruise para os cruceiristas.

A proposta das características principais da tarxeta Vigo Pass, Vigo Pass Plus e a Vigo Cruise para discutir na Mesa de Turismo Local son as seguintes: as tarxetas terán como finalidade incentivar o consumo por parte do turismo na nosa cidade. Tódalas entidades colaboradoras terán unha identificación na porta do seu local para identificalas e aparecerán nun listado de entidades colaboradoras, as tarxetas serán únicas e intransferibles, permitirán o acceso gratuíto durante a súa vixencia a tódolos medios de transporte público da cidade incluído sobre todo o bus turístico. As tarxetas terán un desconto en tódolos aqueles comercios que se queiran adherir a ela para incentivar as súas vendas, terán tamén un desconto en todos aqueles restaurantes e cafeterías que queiran adherirse a ela para incentivar o consumo.

A tarxeta Vigo Pass Plus terá un desconto para todos aqueles hotéis que se queiran adherir a ela para buscar unha maior ocupación durante a súa vixencia. As tres tarxetas permitirán o acceso gratuíto a tódolos museos da cidade durante a súa vixencia, o prezo das tarxetas será un tema de discusión na Mesa de Turismo Local, e os descontos dos comercios será un tema de discusión na Mesa de Comercio Local de Vigo. Esta tarxeta poderase obter tanto nas oficinas de información turística de Vigo como nos principais puntos de chegada de turistas como son o Porto, o Aeroporto, a Estación de Autobuses e a Estación de Tren. Como segunda medida propoñemos activar medidas de promoción turística para os cruceiros, o gran abandonado por parte deste Concello, o Porto. As medidas de promoción turística tal e como comentamos no último Pleno corresponden ao Concello no ao Porto, tal e como están facendo actualmente outros concellos como pode ser o de Vilagarcía, o de A Coruña ou o de Ferrol, aquí actualmente non se está facendo absolutamente nada. Por isto, solicitamos por parte do Concello medidas concretas de apoio á promoción turística na cidade para os cruceiros, en coordinación co Porto de Vigo construíndo un centro de recepción de turistas, contratando informadores turísticos, activando a tarxeta Vigo Cruise o antes posible. Outras cidades xa nos levan vantaxe neste tema, folletos especializados para os cruceiristas, visitas guiadas e por suposto, acompañar tal e como están a facer outras cidades á Autoridade Portuaria en Congresos de Cruceiros, xornadas con compañías navieiras, asistencia a salóns náuticos, é dicir, trátase de que polo menos fagan algo, levan case perdón, seis anos e medio perdido sen promoción turística da cidade, empecen a facer algo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Un momento, seis anos perdidos non, dous si.

Señores do Partido Popular, Sr. Álvarez, cando eu estaba preparando a moción que vostedes presentan, loxicamente prepárase unha moción discútese en base ao que vostedes presentan, eu voulle ler a súa resolución desta moción que di simplemente instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha os mecanismos necesarios orientados a consolidar e fortalecer o turismo na cidade de Vigo con iniciativas de interese para os visitantes. Isto é o que vostede poñen a votación, e que vostedes, que non aparece nin na exposición de motivos nin en ningún outro

sitio, fálannos dunha tarxeta, de medidas concretas, non sei se é que se acordaron hoxe pola noite das medidas concretas, pero nós o que pedimos é que loxicamente cando un grupo político presenta unha moción presente toda a moción e non nola traían agora aquí a explicar se non aparece na moción, iso é a primeira cuestión que eu quería deixar aquí.

Eu creo que vostedes se equivocan nas propostas porque vostede pide que se poñan en marcha os mecanismos necesarios, e eu voulle dicir unha cousa non é un problema de mecanismos, os mecanismos necesarios existen nesta cidade, temos técnicos moi competentes na Concellería de Turismo, temos un instrumento que foi creado polo Bloque Nacionalista Galego como Convention Bureau que existe nesta cidade. Esta cidade xa ten un centro de recepción de visitantes que o deixamos feito e inaugurado nós mesmos.

Este Concello tamén ten un centro de interpretación que o deixamos feito e que o acaba de inaugurar este Goberno Municipal. Neste Concello tamén deixamos feito un Plan de continuidade turística en colaboración co Ministerio e coa propia Xunta de Galicia de máis de tres millóns de euros.

Polo tanto, o problema non é a inexistencia de mecanismos, porque os hai, o problema é a nula xestión que se fai dende o Goberno Municipal no tema do Turismo. Quero aproveitar aquí, xa que falamos de turismo, para desexarlle no nome do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego unha pronta recuperación ao Sr. Cayetano Rodríguez Escudero, o anterior concelleiro de Turismo.

Pero teño que dicir que efectivamente o problema é dunha nefasta, nula xestión en materia turística porque existe unha paralización total dos programas que xa noutro momento se puxeron en marcha, existe unha nula planificación a mediano e a longo prazo do que queremos facer en materia turística e de promoción. Non hai, polo menos que nós coñezamos, nin unha soa iniciativa nova posta en marcha nestes dous anos e pico deste Goberno Municipal, non se fala tampouco, non hai unha interlocución constante cos colectivos con todas as partes que teñen moito que ver e que falar precisamente na promoción turística da cidade, e iso si, redóbranse os esforzos en propaganda, en campañas de promoción, mellor dito, de auto promoción do propio Goberno Municipal.

Con este panorama, é lóxico que se estea vendo un absoluto decaemento do que noutros tempos ten sido unha promoción turística acorde coa categoría e as necesidades que ten unha cidade tan importante en Galicia e no Estado como é a nosa cidade.

Nós non imos apoiar esta moción, ímonos abster nesta moción, xa llo anuncio porque, o problema non é o que vostedes propoñen nesta moción, nin sequera o problema pode quedar en poñer en circulación unha tarxeta ou outra tarxeta, o problema ten máis calado se queremos afrontar con realidade e con profundidade a promoción turística na nosa cidade, porque o único que ten feito este Goberno Municipal é simplemente anuncios na prensa pero nin unha soa medida.

Polo tanto, nós o que si queremos instar unha vez máis a este Goberno Municipal que igual que noutros temas se poña as pilas, traballe planificadamente, reflexionadamente, contando cos colectivos e integrando a todo o mundo para que esta cidade siga avanzando e non se paralice en materia de promoción turística.

SR. LÓPEZ FONT: Agradézolle ao Sr. Domínguez Olveira os desexos sobre o meu compañeiro Sr. Rodríguez Escudero e trasladarémolos.

Con relación ao Sr. Álvarez non me estraña que a el mesmo lle dea a risa porque a verdade este sistema de presentar as mocións como ben dicía o Sr. Domínguez Olveira, é unha “triquiñuela” de quen non ten máis argumentos, é dicir, vir cunha cuestión xeral e vir aquí falándonos, permítamo cariñosamente, como se fose vostede un comercial falándonos de tres tipos de tarxetas, a verdade é que isto non nos deixa de sorprenden.

Non teña dúbida de que o turismo para este Goberno é unha prioridade, non hai catro máis dous Sr. Álvarez, nin Sr. Domínguez Olveira, hai seis anos de traballo deste Goberno sobre o tema do Turismo, hai seis anos que se inician cun plan de competitividade de catro millóns de euros que este goberno e o anterior á marxe das persoas que están son capaces de conseguir nunha colaboración institucional pactada co Goberno Central e coa Xunta de Galicia, claro iso si, cando gobernaban aqueles que entenden de colaboración institucional, con vostedes é

absolutamente imposible. E a realidade de hoxe é que a inversión en Turismo por parte do Goberno Central decae, goberna o Partido Popular a realidade é que decae tamén no ámbito autonómico cando gobernan vostedes.

Polo tanto, esta inversión foi posible anteriormente, e Sr. Domínguez Olveira cariñosamente, eu podería darlle toda esta relación de iniciativas deste Goberno nos seis anos. Pero a iniciativa máis importante que tivo o Goberno dos dous últimos anos é reactivar un plan de competitividade que vostede como eu sabe, estaba morto neste segundo mandato.

Sr. Álvarez, o fomento do Turismo ten varias patas, fala vostede dunha cidade moderna e plural, pero para que esta cidade nese sentido sexa moderna e plural deben de colaborar Goberno Estatal, Goberno Autonómico, Provincial tamén e debe colaborar o Presidente da Autoridade Portuaria, a verdade é que o dixo vostede aquí en relación co Porto e o que propuxo, cariñosamente que o aprecio, é que non sei como non lle da vergoña. O Alcalde de Vigo na visita institucional que realizou o Presidente do Porto aquí, propúxolle analizar todas esas materias, estamos pendentes aínda de que o Porto teña a ben falar sobre o tema de cruceiros que caeron un 25% a pesar do que vostede me dicía na última sesión plenaria. Voulle facer unha pregunta, vostede que cree que pasaría si este Concello fose ás feiras internacionais de cruceiros? Voulle dar a contestación, diríase que é unha inxerencia en algo que lle corresponde ao Porto polo tanto, saia de aquí, póñase en contacto coa presidencia do Porto de Vigo, e efectivamente colaboración institucional a que queira.

Polo tanto, a min esta moción paréceme o colmo da hipocrisía porque é a falla de compromiso por parte do Partido Popular en tódalas administracións nas que goberna, non hai nin unha referencia, nin unha autocrítica ao que se debería facer, pero vostede non sente vergoña de traer esta moción cando o Partido Popular quere desviar o turismo de Vigo á cidade de Santiago de Compostela? Vostede non sente vergoña e non lee os xornais, estas tres páxinas ilustrativas de que o Aeroporto é fundamental para a promoción de turismo e vostede teñen como obxectivo prioritario fundir este Aeroporto, vostede non sente vergoña? Vostede que quere que fagamos en política de turismo máis alá do moito que estamos facendo e do ben que o estamos facendo?

Eu dígolle, e lamentablemente non teño tempo, son moitas as actuacións que se están facendo nunha inversión moi importante dende este goberno, continuidade dos seis anos que non catro máis dous. Voulle a dar dous datos en concreto é mellor que en vez das tarxetas fagamos, e está en Contratación e debería vostede sabelo, unha contratación dunha campaña de promoción “on line” desta cidade que costa 75.000 euros e vai dar resultados moi positivos, e sobre todo unha campaña de promoción turística de Vigo coas cidades que realmente veñen aquí en automóbil porque non pode vir en avión e son nin máis nin menos que 200.000 euros. Isto son realizacións e non, aínda que puideran ser convenientes, as tres tarxetas de vostede propón.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Font, realmente crese o que di? Vostede por algunha casualidade estase crendo o que di, en serio? Voulle empezar a explicar o por que da moción, nós xa solicitamos neste Pleno a vostedes que se comprometeran a facer un Plan estratéxico para o Turismo e non fixeron absolutamente nada.

Polo tanto, non nos queda máis remedio, vémonos obrigados a guialos como os nenos pequenos con que accións teñen que realizar, non é culpa nosa, é incapacidade, incompetencia súa, iso é o que é. Non se ría Sr. Font, o Turismo é un sector que representa ao 12% do PIB desta cidade, non é ningunha risa.

Nós propoñemos medidas concretas, vostedes vaguidades, e o que están a facer non sei se catro máis dous ou seis anos, vaguidades auténticas.

Sabe cal é problema Sr. Font, non son capaces de xerar ningunha demanda, de nada vale intentar traer turistas sen demanda, non se pode, e para xerar esa demanda hai que conseguir oferta de cousas. Por que queren esnaquizar, por exemplo, o Porto tal e como esnaquizaron Peinador? Porque díganolo. Por que queren castigar ao comercio como o están a facer de forma continuada? Non é ningunha risa Sr. Font, non é iso acaso importante para Vigo, como poder ser que Vigo sexa das cidade do eixo Santiago A Coruña a única que descendeu o número de visitantes, a única, A Coruña-Santiago subiron, Sr. Font.

Vostede son destrutores da economía viguesa, iso é o que son destrutores da economía viguesa, cal e a súa contribución á cidade? Quebrar un Auditorio, esa é a súa contribución? Que pasou co Auditorio? Falamos de demanda. Que pasa cos

Congresos? Por que non hai ningún Congreso previsto no Auditorio? Que pasa? IFEVI, Conxemar é o único que hai aquí ata finais de ano. Que pasa no Pazo do Mar 2014? como poder ser que determinados congresos tiveran que ser no Hotel Carrís, dentro das súas instalacións, como puido ser iso posible? Como pode ser que o Hotel peche? Hoxe é o seu último día, xa estaban desmantelando todo, gracias a súa xestión, esa é a súa xestión, e a súa xeración de oferta, para traer turistas a Vigo? Onde están eses Congresos? Onde están eses cinco millóns para renovar a concesión? Esa é a forma de xestionar que teñen?

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo político do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e máis dos membros do Grupo político Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do Grupo político do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Alvarez Pérez, instando ao goberno municipal a por mecanismos para fortalecer o turismo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3(176).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE PARA A DE INCORPORACIÓN DA CIDADE DE VIGO Á “REDE DE CIDADES POLA ACCESIBILIDADE”. EXPTE. 724/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de agosto, número 724/1101, a concelleira do grupo político do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“No pasado Foro Internacional de Mobilidade do pasado mes de xuño, xurdiu a idea de constituír oficialmente a “Red de cidades para la accesibilidad”, estrategia para mellorar a habitabilidade urbana e social, a través do deseño de espazos e servizos públicos, para propiciar lugares accesibles, con independencia das capacidades e que respondan a todas as necesidades.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Realizar a solicitude de incorporación da cidade de Vigo a “Red de Ciudades por la accesibilidad”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 2 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. CENDÓN ALONSO: O Foro Internacional de Deseño Universal é un lugar de encontro no que as organizacións, tanto públicas como privadas, intercambian ideas e experiencias cara a promoción das boas prácticas en deseño, que poidan axudar a mellorar a vida mediante entornos accesibles para todos. Estes foros evidenciaron a necesidade de articular unha estratexia para mellorar a habitabilidade urbana e adaptar as novas cidades aos procesos de cambio que as configuren como espazos amables e intelixentes. Xurdiu no contexto destes foros e concretamente no último celebrado na cidade de Málaga hai uns meses, a idea de constituír oficialmente o que se denomina a Rede de Cidades para a Accesibilidade. E isto farase realidade a finais deste ano no mes de decembro na cidade de Madrid, esta rede será un instrumento de debate e de intercambio de experiencias que permitirá coñecer a actuacións en determinadas cidades que poidan trasladarse como exemplo a outras. Tamén será lugar de reflexión, de análise crítico de experiencias que non deran resultado ou que poidan ser nefastas para algún colectivo de cidadáns con discapacidade, permitirá así unha

análise crítico das experiencias dunhas e outras cidades.

Preténdese en definitiva, a creación da Rede de Cidades para a Accesibilidade que propiciará lugares accesibles para todos, con independencia da idade, da condición física ou mental.

Como ven esta moción é un pouco complementaria da que presentaba o meu compañeiro Sr. Araújo Pereira, é realmente dado que a outra aprobose, sería óptimo que conseguíramos aprobar as dúas.

Para levar adiante este proxecto precisárase a máis da iniciativa municipal o aporte das persoas con discapacidade que son os que máis teñen que dicir a este respecto e as entidades que o representan, eles son os que coñecen as súas prioridades e a forma de concretalas.

Tendo a nosa disposición esta ferramenta de reforzo das prácticas municipais de cara a deseñar cidades que poidan ser habitadas por tódalas persoas e dunha forma amable para tódolos que posúen algunha discapacidade sería un erro tremendo non aproveitala.

Por iso, solicitamos a este Pleno municipal que aprrobe a incorporación de Vigo á Rede de cidades para a Accesibilidade.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade que nesta moción, cando vimos o texto escrito, pasounos un pouco como na moción anterior, tampouco sabíamos moi ben cal era o contido, a proposta que facía o Partido Popular, porque neste caso solicítase a incorporación da cidade de Vigo á Rede de Cidades pola Accesibilidade. Tampouco non se nos explica moi ben que compromisos, que vantaxes supón para o Concello a incorporación desta rede, máis alá do que parece ser un foro de intercambio de experiencias, algo que afortunadamente se desenvolve xa a través doutros eventos entre distintos concellos de toda Galicia, de todo Estado, por suposto dende hai tempo.

Nós sabémolo ademais porque neste Concello si se fixeron accións destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade, si se fixo unha aposta moi clara no mandato anterior por investir cartos públicos en mellorar a accesibilidade da nosa cidade. De feito, en 2010 esta cidade recibiu o premio da COCEMFE porque foi a cidade que máis investiu de todo o Estado actuando en

vinte e tres instalacións municipais para facelas accesibles, ademais fíxose un esforzo por axudar dende o Concello de Vigo a facer reformas en vivendas de persoas maiores para mellorar a súa accesibilidade; puxéronse en marcha medidas como por exemplo o bono-taxi, unha acción que se levaba demandando neste cidade dende había moitos anos, que fora xa debatida no Consello de Accesibilidade deste Concello e que non se puxera en marcha ata entón, e no mandato anterior si se fixeron esforzos importantes.

Eses esforzos veñen do coñecemento da situación na nosa cidade falando cos colectivos, coas persoas que o demandan e tamén do coñecemento da situación noutras cidades do estado coas que se estivo en contacto, que se visitaron para coñecer cales eran as propostas que se estaban desenvolvendo noutros lugares, cales podían servir tamén para adaptar aquí en Vigo, e ademais convertendo a nosa cidade nun referente para outras cidades do Estado. Ese tipo de accións de intercambio de coñecemento que son básicas no desenvolvemento de calquera acción política local que teña realmente unha intención de converterse en accións sostibles, pois parécenos que xa se está facendo.

Agora fálanos a concelleira do Partido Popular dunha Rede de Cidades para a Accesibilidade que xurdiu neste Foro Internacional de Mobilidade do pasado mes de xuño, non conseguimos tampouco ter moitos máis datos, pero en principio se se trata de simplemente dun foro de intercambio de información, parecemos oportuno que a cidade de Vigo sendo unha cidade como é, comprometida coa integración das persoas con discapacidade e facendo cousas e tendo en conta que aínda así nos queda moito por facer tanto en sensibilización como en continuar con ese traballo que se iniciou no mandato anterior e que agora está parado, estamos un pouco vivindo de rendas pero neste caso hai que seguir sempre avanzando porque as necesidades dende logo están moi lonxe de cubrirse, entón vemos que pode ser positivo e en principio e coa información que se nos proporciona votaríamos a favor de promover que esta cidade formase parte desta Rede de Cidades pola Accesibilidade.

En todo caso, a nós o que nos gustaría e que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista fixesen esforzos moito máis ala do coñecemento doutras iniciativas doutras cidades, do intercambio de propostas, de falar, senón que

vaian realmente destinadas a mellorar de maneira efectiva as condicións de vida das persoas con discapacidade, que en moito casos non se limitan ademais a mobilidade reducida.

Tamén hai moita tendencia, e vímolo ademais na moción que estivemos debatendo sobre o transporte e a mobilidade na nosa cidade, hai moita tendencia a confundir a mobilidade reducida coa discapacidade en xeral, mesmo chegouse a dicir por parte dun concelleiro do Goberno que era gratuíto o transporte para as persoas con discapacidade, cando do que falaba realmente era unicamente dun servizo concreto para persoas que utilizan cadeira de rodas que teñen mobilidade reducida, pero dende logo as persoas con discapacidade non teñen un servizo de transporte gratuíto nesta cidade e dende logo non teñen tampouco un transporte adaptado ás persoas que teñen discapacidade sensoriais por exemplo, nin transporte, nin o acceso a moitas outros servizos públicos. En principio como declaración de intencións válenos pero demandamos accións.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Vigo recibiu no ano 2010 o premio de COCEMFE, da Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica pola labor que este Concello na mellora da accesibilidade e integración das persoas con capacidades distintas.

Levamos máis de seis anos traballando neste eido, e este mesmo ano aprobamos unha partida de supresión de barreiras concreta e singular que terá actuacións en rebaixes de pasos de peóns na Avenida de Madrid, na rúa Álvaro Cunqueiro, en Gran Vía, no entorno de Casablanca, en Bouzas, en Eduardo Cabello tamén en Bouzas, no entorno de Gran Vía, no entorno do Centro Comercial, en Pablo Iglesias, Lorien, Tomás Paredes, en José Gil, Ramón Buch, Miguel Hernández, Eugenio Arbones, Caleira, no mercado das Travesas e tamén na Avenida de Europa. Temos tamén integrado en tódalas humanizacións que estamos a facer neste ano non só a Plataforma única das beirarrúas senón a accesibilidade en tódolos pasos de peóns, e como xa temos dito noutras ocasións estamos humanizando Álvaro Cunqueiro, Areal, Tomás Alonso, Moaña, Pontevedra, Mestre Chané, Álvaro Cunqueiro, Serafín Avendaño etc.

Para nós a accesibilidade é un tema moi importante por iso Sra. Cendón, imos

votar a favor desta moción porque cremos que sempre é importante ter un foro de encontro de debate ente as cidades, e que sexamos como fomos hai poucos días o punto de encontro de tódalas cidade de Galicia falando de eficiencia enerxética. Creo que temos moito que aprender pero creo que tamén temos moito aportar.

O que si nos gustaría que este nova asociación, ente, a Rede de Cidades pola Accesibilidade que tivese o menor custe para o Concello de Vigo. Dende o ano 2007 fixemos máis de 200 humanizacións, que iso significa máis de 1.700 novos rebaixes de acceso a prazas de minusválidos, cun total de 13.000 metros cadrados e un custe aproximado de máis de tres millóns de euros, 301 novas prazas de aparcadoiros para minusválidos dende o ano 2007, pasos de peóns sobre elevados un total de 633, 160 pasos de peóns e semáforos acústicos. Señores do Partido Popular non van calar a voz do pobo, a voz do Partido Socialista porque isto é o que ten a democracia que os cidadáns elixen un Goberno e o Goberno ten opción e o dereito de falar. 118 autobuses adscritos á cidade de Vigo e todos eles con plataforma baixa, 105 ramplas e unha correspondencia visual e sonora coas paradas, entre dous e catro asentos en cada autobús reservado para as persoas maiores, embarazadas e persoas con capacidades distintas. Entre un e dous espazos reservados para cadeiras de rodas dependendo do tamaño do autobús, 550 taxis na cidade e máis de sete, nestes momentos, son eurotaxis, é dicir, taxis adaptados para persoas con capacidades distintas, un deles que se inaugurará este mesmo mes.

Dende o ano 2007 instaláronse máis de 310 marquesiñas de autobuses, onde se refuxiaría a xente antes destes seis anos, tamén se instalaron máis de sete aseos novos en zoas públicas da cidade totalmente accesibles. Tamén adaptamos o Pavillón das Travesas para a accesibilidade, o Pavillón do Carme, o do Berbés, de Coia, de Coruxo, de Lavadores e o Pavillón do Monte da Mina, tamén o complexo deportivo de Samil, a piscina das Travesas, a piscina de Teis, tamén os mercados de Bouzas, do Berbés, do Calvario, tamén o palco de Castrelos, tamén a Xerencia de Urbanismo, a Madroa, o Zoo, o Centro de Emerxencia para Mulleres vítimas de violencia de xénero e o Centro de drogodependencia, CEDRO e a Casa das Mulleres.

Máis de 200 rúas humanizadas e centos de accións na cidade de Vigo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Darlle as grazias a Sra. Veloso por apoiar esta iniciativa, efectivamente é de intercambio e de posibilidade de mellora.

Dende logo hai moito que facer, eu non me centraba só nas persoas con discapacidade, centrábame en tódalas persoas porque o deseño e de rúas, a peonalización de rúas, a reordenación do viario como falaba o meu compañeiro Sr. Araújo, son moi importantes tamén.

Dende logo, este mundo idílico que presentaba aquí o Sr. Regades tamén pode ser exposto nesta Rede para que os demais poidan copiar as nosas iniciativas, pero temos ben cerca da nosa cidade experiencias moi didácticas como pode ser a da cidade de Pontevedra que acaba de recibir un magnífico recoñecemento en Múnic, alégrome por eles e felicítóos porque a verdade é que están facendo moito respecto do deseño urbano.

Con respecto ao tema das marquesiñas Sr. Regades o que lle suxeriría é que poña unha fronte a furgoneta que atende aos de Sereos porque este dios están un pouco mollados.

Tamén quero aproveitar para darlle as grazias porque sei que vai apoiar esta iniciativa, cando falaba dos taxis estaba pensando eu precisamente nunha experiencia que se comentou nestes foros que a min sorpredeume bastante, e que en Xapón o vehículo máis vendido durante os últimos tres anos é un vehículo que está adaptado ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores. Se ten interese neste tema ao mellor podería ser de axuda para estes taxis, pregunte por esta iniciativa e cal foi o motivo polo cal os xaponeses optaran maioritariamente pola compra deste vehículo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo político do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando a incorporación da cidade de Vigo á “Rede de Cidades pola accesibilidade”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

4.A.1(177).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG, INSTANDO AO ALCALDE Á PRESENTACIÓN DUN PROXECTO DE TÓDALAS ORDENANZAS DE TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS AÍNDA QUE NON SE PREVEXA NINGUNHA MODIFICACIÓN. EXPTE. 744/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de setembro, número 744/1101, a voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“As ordenanzas fiscais recollen os tributos e prezos públicos que terán que pagar os cidadáns e cidadás de Vigo para o vindeiro ano. Xa que logo teñen unha relevancia moi importante para calcular os ingresos que obterá a través da tributación fiscal este concello, pero sobre todo para valorar a repercusión que terán na vida de cada un e cada unha das persoas que teñan que cumprir coa obriga de tributar. Dada a situación actual de grave crise económica este aspecto, é especialmente importante e é obriga da administración telo en conta para valorar todas as posibles variacións das taxas e impostos, todas as posibles exencións aplicábeis e as distintas bonificacións das que poderían gozar os cidadáns e cidadás.

A ordenanza fiscal xeral recolle que para a fixación das tarifas das taxas que, polas súas características, o permitan, terase en conta a capacidade económica das persoas que deban satisfacelas e que será o pleno do concello quen poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas, en todo caso, aos principios de capacidade económica e xustiza distributiva (art. 11). Ademais o regulamento orgánico do pleno recolle no título VI o procedemento para a aprobación das ordenanzas no que se contemplan unha serie de prazos para que os grupos municipais presenten emendas ao proxecto de ordenanzas fiscais presentado polo goberno local e máis un período de información pública logo da súa aprobación inicial no pleno para que calquera persoa interesada poida presentar as alegacións que considere pertinentes. A decisión do alcalde de non someter a aprobación do pleno a maioría das ordenanzas fiscais furta tanto aos grupos municipais da oposición como aos veciños e veciñas de Vigo a

posibilidade de facer achegas que haberían de ser valoradas e poderían supoñer unha mellora da proposta do goberno local para as ordenanzas fiscais para o ano 2014, atendendo ás circunstancias económicas e sociais que atravesamos a nosa cidade.

Por estas razóns e porque, como o propio regulamento orgánico do pleno recolle no anteriormente citado título VI, a elaboración de disposicións regulamentarias iniciárase mediante proposta razoada da alcaldía, da concelleira delegada da área de goberno correspondente en razón da materia ou da propia xunta de goberno local, propoñemos o seguinte

ACORDO:

- Instar ao alcalde á presentación dun proxecto de ordenanzas de tributos e prezos públicos que inclúa todas as existentes neste concello, mesmo aquelas que non teñan prevista a súa modificación por parte do goberno local, para permitir a presentación de emendas e alegacións e o seu debate e aprobación, se corresponde, por parte do pleno do concello de Vigo.”

DEBATE.-

A PRESIDENCIA: Presentáronse dúas mocións urxente sobre o mesmo tema, as Ordenanzas Municipais Fiscais, a primeira presentada polo Bloque Nacionalista Galego e a segunda polo Grupo do Partido Popular, propoño que fagamos un debate conxunto, o primeiro, que é o primeiro que presenta, o Bloque Nacionalista Galego, segundo o Partido Popular, quenda do Partido Socialista, réplica do Partido Popular e réplica do Bloque Nacionalista Galego, se lle parece aos Grupos.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu quería preguntar se están presentadas as dúas dentro do prazo.

A PRESIDENCIA: Si están as dúas.

SRA. VELOSO RÍOS: Pois se están haberá que someter como di o Sr. Fidalgo a urxencia.

A PRESIDENCIA: Iso é unha obviedade, estaba vendo a forma do debate. Aceptamos todos a urxencia como é natural.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu sinto moito que o Sr. Alcalde non estaba presente no debate que tivemos anteriormente sobre a presentación de dúas mocións sobre o mesmo tema. Nós cando se debateu a posibilidade de debater conxuntamente as mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego e polo Partido Socialista sobre as pensións das persoas emigrantes retornadas, nós solicitamos que se fixese cumprir o Regulamento do Pleno, que no artigo 82.3 di que se dous Grupos Municipais presentan unha moción sobre o mesmo ou similar tema, debateríase soamente aquela moción que fose presentada en primeiro lugar, insistimos na mesma posición. Nós solicitamos o cumprimento do Regulamento do Pleno.

A PRESIDENCIA: Eu creo que cada un debería debater a súa porque paréceme que ese Regulamento non é especialmente acertado aínda que fora votado aquí, creo que o Grupo Popular ten dereito a debater a súa. Polo tanto, se non están de acordo as debatemos por separado e asunto concluído.

SRA. VELOSO RÍOS: Ben.

A PRESIDENCIA: Votaremos a urxencia e despois, se lle parece aos Grupos, porque a imos aceptar, procedemos ao debate da moción presentada Bloque Nacionalista Galego como moción urxente.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós presentamos o venres pasado esta moción urxente para solicitarlle ao Goberno Municipal que teñamos a posibilidade de debater no Pleno do Concello as Ordenanzas Fiscais Municipais, por que? Nós recibimos a semana pasada unha comunicación por parte do Secretario Xeral deste Concello, comunicándonos a aprobación en Xunta de Goberno Local dunhas novas Ordenanzas Fiscais e da modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, dándonos 6 días para á presentación de emendas, posteriormente se estudarían esas emendas e se traerían a Pleno para o seu debate e aprobación. O resto das Ordenanzas Fiscais Xerais unha vez que o Alcalde toma a decisión de conxelalas, de non aplicar a suba do IPC, toma tamén a decisión de que non se aplique ningunha outra modificación a estas Ordenanzas non traéndolas a Pleno tampouco se

podería propoñer ningún tipo de modificación a esas Ordenanzas por parte do Grupos Municipais da oposición, nin por parte dos veciños/as da cidade de Vigo. As Ordenanzas Fiscais realmente son un documento importante deste Concello, recollen os tributos e prezos públicos que van ter que pagar os cidadáns/as de Vigo para o vindeiro ano. Polo tanto, teñen relevancia por unha banda para calcular os ingresos que vai ter este Concello, pero tamén, nós pensamos que isto é o máis importante, teñen importancia para valorar a repercusión que van ter na vida de cada un e de cada unha das persoas que van ter que cumprir coa obriga de tributar o vindeiro ano. Estamos nunha situación de grave crise económica na que hai un número importante de persoas desempregadas nesta cidade, na que cada vez hai máis persoas que non están recibindo ningún tipo de prestación e, polo tanto parécenos importante facer un esforzo para aumentar as exencións e para estudar distintas modificacións posibles das que poderían gozar os cidadáns/as.

De feito, a Ordenanza Fiscal Xeral recolle que para a fixación das tarifas das taxas que polas súas características o permitan, terase en conta a capacidade económica das persoas que deben satisfacelas e que será o Pleno do Concello quen poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas en todo caso aos principios de capacidade económica e xustiza distributiva, para nós este é un criterio fundamental, o nivel de renda das persoas é o que ten que marcar calquera decisión sobre as posibles exencións ou bonificacións, as distintas modificacións que poidamos aprobar sobre as Ordenanzas Fiscais Xerais.

Logo ademais o Regulamento Orgánico do Pleno ese que parece ser, segundo o Sr. Alcalde que nalgúnhas cuestións non é moi acertado, e polo tanto podemos cumprir ou non, recolle a posibilidade de presentar emendas por parte dos grupos municipais e logo da aprobación inicial neste Pleno recolle a presentación de alegacións por parte da cidadanía no período de información pública. Unha vez que estas Ordenanzas non se traen a este Pleno, e dirá o Sr. Alcalde que non é necesario traelas porque como non se modifican non hai que debater nada, nin os Grupos da oposición, nin os veciños/as imos ter ningunha posibilidade de facer achegas para modificar esas ordenanzas en beneficio da cidadanía que máis dificultades económicas está atravesando agora mesmo, que poderían mellorar

as Ordenanzas Fiscais para o vindeiro ano, logo de seren estudadas polos técnicos responsables da elaboración deste proxecto de Ordenanzas. Realmente o que nos atopamos e que nun momento no que as persoas teñan dificultades para sobrevivir, directamente non facemos o esforzo que realmente esixe esta situación para reducir a presión fiscal sobre a cidadanía. Para garantir uns ingresos para o Concello que nos últimos tempos parece que son suficientes para os servizos públicos e mesmo nos sobran para que neste caso co apoio do Partido Popular os Orzamentos Municipais se dediquen a darlles aos bancos, ás compañías aéreas e tamén á propaganda e publicidade do Goberno Local.

Non queren debater todo isto, porque si nos queremos debater isto, queremos que se estuden as propostas dos grupos da oposición, sobre todo tendo en conta que este Goberno está gobernando en minoría e que se estuden e se debatan as propostas da cidadanía.

Non entendemos esta proposta, esta situación ao menos que o Goberno Local tomara decisións xa de prorrogalos orzamentos, ao fin e ao cabo as Ordenanzas son parte dos Orzamentos, son os ingresos, e realmente parece que o que está pretendendo é prorrogalos sen debatelos coa oposición.

A PRESIDENCIA: Debo dicirlle que o respecto deste Alcalde ó Regulamento e total, por iso fixen unha proposta de interpretación para ser acordada polos grupos. A súa posición inflexible de interpretación fixo que se debatera de acordo co Regulamento tal e como se está facendo. Polo tanto é gratuíta esa visión que vostede acaba de facer pública dicindo que o Regulamento se pode cumprir ou non, cúmprese taxativamente. O que o Alcalde fixo foi unha proposta de interpretación que tan pronto vostede a rexeitou, inmediatamente volvemos a literalidade das Ordenanzas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que me asombra escoitar ao Bloque Nacionalista Galego porque o 25 de setembro, este goberno aprobou en Xunta de Goberno Local a maior baixada de impostos e taxas que fixo ningún concello de Galicia porque aprobamos en termos reais unha rebaixa do 1,4% para todos, absolutamente tódolos impostos, as taxas e os prezos públicos que cobra este

Concello de Vigo.

Estamos a falar desa redución real do 1,4% no recibo da auga, do lixo, do IBI, dos vehículos, no Imposto de Plusvalías, ou tamén nas taxas das Escolas infantís, estamos a falar tamén da ORA, dos prezos das Escolas de Música, Danza e Teatro ou dos prezos polo uso das instalacións municipais.

Pero ademais, nesas Ordenanzas, niso que aprobamos en Xunta de Goberno, vai tamén unha ampliación do período voluntario de cobro, precisamente nos supostos de baixa capacidade económica, para que non se entre en vía executiva e para que non se teña que pagar impostos e sancións.

Polo tanto, o que aprobou este Goberno é unha baixada real, en absolutamente todos e cada un dos impostos e taxas municipais deste Concello. Ademais, nesa decisión de Xunta de Goberno decidiuse manter tódalas bonificacións fiscais que tiña esta Goberno ata este momento e que fomos incorporando ao largo destes seis anos, todas e cada unha das bonificacións fiscais. Recórdolle a Sra. Veloso Ríos, por si non se lembra, que está entre elas as bonificacións as escolas infantís municipais, de maneira que un 45% dos usuarios de baixa capacidade económica xa non pagan nada, ou a asistencia domiciliaria onde un 25% tampouco paga nada e o 78% só paga o 15% do custe. Estamos falando tamén da bonificación aos vehículos ecolóxicos, da taxa cero para as terrazas, da redución do 90% nas licencias de locais, na redución do 10% de taxa de lixo para aquelas actividades que viron incrementado o IVE por parte do Goberno de España e estamos falando dunha serie de exencións en taxas de lixo que foi incluíndo este Goberno para familias monoparentais, numerosas, maiores de 65 anos, desempregados de longa duración que eles nunca os tiveron en conta, familias con ingresos económicos baixos, estamos a falar tamén dunha bonificación do 3% no IBI, do 20% na taxa do lixo de oficinas, bonificacións para as empresas de interese municipal, falamos tamén de aprazamentos e fraccionamentos cando a contía do recibo é inferior a 400 euros, bonificacións nos abonos para instalacións deportivas e poderíamos seguir así con tódalas bonificacións que hai.

Isto deu como resultado que fomos, somos e seremos a cidade co menor IBI por habitante de toda España, lémbrolle os datos: en Vigo págase 211 euros por habitante no IBI, A Coruña xa son 222 euros e se nos imos a Madrid xa son 308

euros.

Por iso somos a cidade con menor presión fiscal de Galicia, e fronte a isto que é o que aprobamos, que é o que fixeron tato o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego? Pois poñerse a contra e aliarse unha vez máis en contra da cidade, e por que? Pois cun único motivo simplemente porque o aprobamos nós, porque foi o Alcalde Abel Caballero o que puxo sobre a mesa unha redución real do 1,4% dos impostos. Porque que é o que di o Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra? A min gustaríame saber que é o que di en Pontevedra? Porque en Pontevedra onde eles gobernan si os soben, polo tanto paréceme unha dobre falsa moral o esixir nuns sitios a subida dos impostos onde goberna, e despois aquí poñerse á contra dunha redución do 1,4% en termos reais do IBI.

Xa non é momento de mocións, o momento de mocións era o mes pasado, pero debían de estar de vacacións en non se lembraron, este é o momento das ordenanzas, están xa aprobadas por Xunta de Goberno, e polo tanto, é o momento de alegacións dos Partidos Políticos, se queren alegar algo que o aleguen, se queren recorrer que o recorran porque é o momento das alegacións, non é momento das mocións. Presentou algo o Bloque Nacionalista Galego o mes pasado como moción? No presentou absolutamente nada, no fixo ningunha proposta nin de conxelación, nin de baixada, nin de subida, nin o IBI, nin o lixo, nada. Lembrouse agora dos vigueses, simplemente por estar en contra do Alcalde Abel Caballero, porque eles cando gobernaron nesta cidade, e mira que pasamos, quizais non eran as crises tan duras como esta pero nos oitenta e nos noventa tamén estibemos en situación de crise e ninguén, absolutamente ninguén, lembrouse dos vigueses nin o Partido Popular, nin o Bloque Nacionalista Galego o só o Alcalde Abel Caballero tomou unha medida como esta que vai supoñer máis dous millóns de euros nos petos dos vigueses.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar, agradecemos o ter a oportunidade de debater hoxe aquí o tema das ordenanzas porque creo que é importante e é importante porque afecta a absolutamente todos os cidadáns de Vigo.

Estaba claro, que vostede Sr. Abel Caballero non quería dar a cara, o Alcalde quería facer unha trampa, vostedes propuxeron á proposta do Partido Popular

conxelar as taxas e impostos porque non teñen votos para subilos, como os subiron durante os últimos seis anos. Este ano o Bloque Nacionalista Galego non lle ía dar os votos para subilo e por iso intentaban aforrarse ese debate, intentaban escapulir o debate dos impostos municipais, porque vostedes están na máis absoluta minoría, vostede é un Alcalde que perdeu tódalas eleccións sempre que se presentou como cabeza de lista e vostede por iso é un Alcalde na máis absoluta minoría.

O Partido Popular vaille dar a posibilidade ao Bloque Nacionalista Galego de cambiar, de parar esta trampa. O Alcalde anunciou unha conxelación improvisada, de presa e correndo. Esta improvisación xunto coas súas habituais doses de demagogia e de manipulación fíxolle cometer un novo erro outro erro máis Sr. Alcalde, vostedes falan de rebaixas cando non hai rebaixas, a súa proposta é de deixar os impostos e as taxas igual que están agora, non tocar os impostos para non escenificar publicamente a súa absoluta minoría. Vostedes volven a mentir unha e outra vez. Sr. Díaz, volve a mentir porque no meu pobo que é Vigo, estou moi orgulloso de ser de Vigo e de vivir en Vigo, manter unha cousa ao mesmo prezo non é baixalo, é mantelo igual.

Sr. Alcalde, sabe canto custa unha barra de pan? Dígollo eu, unha barra de pan adoita costar oitenta céntimos, oitenta e cinco céntimos, máis ou menos. Canto custa Sr. Alcalde?

A PRESIDENCIA: Na miña panadería sesenta e oito céntimos

SR. FIDALGO IGLESIAS: Dígame cal é para ir a comprar tódolos días a comprala alí.

A PRESIDENCIA: Hernán Cortés.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Pois mire se na súa panadería costa sesenta e oito este ano e o ano que ven vai pola panadería e lle piden sesenta e oito céntimos non baixou o prezo a barra do pan, Sr. Alcalde iso se sabe non en primeiro de económicas, sábese en primeiro de EGB, se lle cobran sesenta e oito este ano e o

ano que ven volve a ir e cóbranlle sesenta e oito non baixou nin un 1,4 nin un 4,1.

O Partido Popular, quere presentar un proxecto alternativo, coa mesma responsabilidade e coherencia política que permitiu que se aprobara unha amortización anticipada de débeda que nos aforrou aos vigueses máis de 3,5 millóns de euros en intereses. Con esa mesma responsabilidade e coherencia política solicitamos unha baixada real do 1,4% nos impostos e taxas municipais que teñen maior impacto nos cidadáns e que son os seguintes; unha baixada real do imposto de bens inmobles, que pagamos o IBI máis caro de Galicia; Sra. Díaz, o tipo do 0,84, cando por exemplo en Zaragoza pagan o 0,64 ou en Alicante o 0,84, gracias a non revisar o valor catastral nos subiu vostede o 14% o ano pasado.

SRA. VELOSO RÍOS: En primeiro lugar gustaríame clarexarlle á Sra. Díaz cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego, porque creo que non quedou moi clara, por suposto nós estamos de acordo con que non se actualice o IPC, e por que estamos de acordo con isto porque gracias ao Partido Popular poida que xa non serve para actualizar nin os salarios nin as pensións. Porque o poder adquisitivo das persoas agora non se actualiza co IPC, o poder adquisitivo das persoas agora é menor que o ano pasado gracias a que non se aplica o IPC para revalorizar os salarios nin as pensións e gracias aos recortes sociais que obrigan as persoas a facer desembolsos, a ter gastos que antes non tiñan. Co cal este ano o poder adquisitivo das persoas non subiu o IPC, co cal agora non tería ningún sentido aplicar o IPC á revalorización dos impostos gracias as políticas do Partido Popular, precisamente.

Pero claro, hai unha cousa que non contan se conxelamos as taxas e non aplicamos o IPC nas taxas que teñen que pagar tampouco se aplica á suba do IPC os mínimos exentos por exemplo, claro, nós queremos que se traia aquí a Pleno porque nós queremos que se aumenten as exencións, porque nós queremos debater aquí novas bonificacións, cal é o problema de traer ao Pleno un proxecto completo das ordenanzas fiscais municipais? Por que no queren debater un proxecto completo? Ademais ese é o momento de debater, ese é o momento de

facen propostas, as propostas da oposición fanse cando o goberno presenta un proxecto, ou que queren que lle fagamos nos o traballo? Queren que fagamos nós o proxecto de ordenanzas? Como se fixo sempre, o Goberno presenta un proxecto de ordenanzas e o Bloque Nacionalista Galego, como grupo da oposición fai propostas intentando mellorar as Ordenanzas Fiscais para mellorar a situación da cidadanía. Pero, neste caso vostedes decidiron prorrogar as ordenanzas e non debatelas, e non aceptar propostas nin dos grupos da oposición nin da cidadanía porque insisto, calquera persoa nesta cidade individual ou calquera colectivo no período de información ao público, ten un período para presentar alegacións que os técnicos teñen que estudar e que se teñen que aprobar ou rexeitar en Pleno. Vostede tampouco permiten que ninguén faga ningún tipo de proxecto, claro non teñen a obriga legal, por suposto, ten potestade o Sr. Alcalde para traelas ao Pleno do Concello? Por suposto, exactamente igual que ten potestade para introducir na orde do día do Pleno do Concello unha moción que segundo o Regulamento no debería estar introducida na orde do día.

Neste caso se debaten dúas mocións urxentes, nós votamos as dúas mocións urxentes e imos debatelas porque ademais é un tema como as ordenanzas municipais cuxo debate vostedes están intentando furtarnos e aínda por riba mentindo sobre a nosa postura.

Así que o que queremos é que se traia a este Pleno o debate das Ordenanzas Fiscal Xerais.

A PRESIDENCIA: Algunhas cuestións que está dicindo que se traian a Pleno xa veñen, as alteracións dos mínimos exentos xa está na ordenanza e polo tanto vaise debater e votar aquí.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo político do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo político do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez

Olveira e Veloso Ríos, e nove abstencións dos membros do grupo político Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando ao Alcalde a presentar proxecto de tódalas ordenanzas fiscais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A.2(178).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PRESENTAR NO VINDEIRO PLENO A MODIFICACIÓN DE DIVERSAS ORDENANZAS FISCAIS. EXPTE. 745/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de setembro, número 745/1101, o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“Trala solicitude feita polo Grupo Municipal do Partido Popular de non proceder á actualización co IPC previsto dos impostos e taxas municipais para 2014, o goberno municipal por voz do alcalde Abel Caballero asumiu esta iniciativa do Partido Popular e anunciou a conxelación efectiva dos impostos e taxas que cobra aos vigueses o Concello para 2014.

Non obstante, este anuncio leva consigo a imposibilidade de facer un debate no pleno da corporación sobre a posibilidade real de rebaxar varios dos impostos e taxas máis gravosos do Concello o cal coarta a labor de presentación de alternativas por parte dos grupos municipais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación os seguintes acordos:

Instar ao goberno municipal a:

- Presentar no vindeiro pleno da corporación a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre bens inmobles, imposto sobre vehículos de tracción mecánica e Taxa pola recollida do lixo rebaixando nun 1,4% a cota tributaria destes impostos e tamén a cota pola recollida do lixo no caso de vivendas.
- Presentar no vindeiro Pleno da corporación o resto das ordenanzas fiscais de xeito que os veciños e veciñas de vigo, así coma os grupos municipais poidan facer as aportacións e reclamacións que consideren oportunas.
- Cumprir o acordo plenario de modificar a ordenanza fiscal de Taxas por subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais de xeito que se cobre polo consumo real que faga cada veciño.
- Incorporar á modificación da ordenanza fiscal de Taxas por subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais unha tarifa específica para o suministro de auga en Comunidades de propietarios que dispoñan de sistema de auga quente sanitaria centralizado.
- Manter inalterado prezo do transporte urbano colectivo de Vigo tanto na parte que abonan os viaxeiros como na parte que aboa o Concello.
- Introducir nas bonificacións do Imposto sobre bens inmobles as bonificacións potestativas recentemente introducidas polo goberno central na lei reguladora de facendas locais (art. 74 2.ter e 2.quáter) “

DEBATE.-

SR. FIDALGO IGLESIAS: Quero que quede claro que a proposta do Partido Popular é a de baixar un 1,4%, unha baixada real, dos impostos e taxas municipais que teñen un maior impacto nos cidadáns e que son o IBI, o Imposto de Bens Inmobles, afecta a 210.000 recibos e baixar o 1,4% deses 210.000 recibos suporía deixar de recadar 880.000 euros.

Baixar un 1,4% o lixo ás 142.000 vivendas que hai na cidade de Vigo suporía deixar de recadar 160.000 euros, e baixar 1,4% o Impostos de vehículos ata os 16 cabalos fiscais, ata os 15,99 serían practicamente 140.000 recibos e deixarían de recadarse 170.000 euros.

En total estamos pedindo, sumados os 880.000 do IBI, os 160.000 de lixo de vivendas e 170.000 dos vehículos, deixar de recadar, unha recadación menor de 1.210.000 millóns de euros. Que se temos en conta que nos acabamos de aforrar máis de 3,5 millóns de euros en intereses grazas á amortización anticipada de

débeda que o Partido Popular apoiou, creo que non é demasiado esforzo o que se lle está pedindo.

Por iso tamén estamos esixindo, instando ao Goberno Municipal a que se presente a parte destas tres Ordenanzas Fiscais: IBI, lixo de vivendas e vehículos, que se cumpra co acordo plenario que trouxemos aquí máis de dous anos para que a taxa por subministración de auga potable, rede de sumidoiros e saneamento, cóbrese polo consumo real que faga cada veciño non por un mínimo como se está cobrando agora. E se a estas tres ordenanzas mailo tema da auga para que se cobre por consumo real tamén solicitamos que se introduza no debate político que non aumente nin un só céntimo de euro, nin a taxa que lle paga o Concello a VITRASA, nin o recibo de VITRASA de transporte urbano porque cremos que xa con 0,86 do Bono-bus é máis que suficiente.

Vigo é especial por moitas razóns pero especialmente por dúas porque aquí a crise afecta moito máis que a outras cidades, nós padecemos a crise e o paro con moita máis virulencia que outras cidades porque aquí hai moita industria e moitos servizos, por iso temos a taxa do para máis alta de Galicia, o dobre dende que o Sr. Abel Caballero é Alcalde da cidade. Case 35.000 vigueses sen ter un posto de traballo.

E tamén por outra circunstancia polo mala xestión do Partido Socialista e do Alcalde Sr. Abel Caballero que se entrega ás concesionarias, Vigo ten os impostos e taxas máis caros de Galicia, repetímosllo unha e mil veces, pagamos a auga máis cara de Galicia, o Imposto de Bens Inmobles, o Imposto de Circulación, a grúa, a hora etc. pagamos os impostos máis caros de Galicia.

Por se non se houberan decatado, hai unha nova lei que acaba de aprobar o Goberno de España que é a lei de desindexación, xa non se ligan os servizos públicos non se actualizan ao IPC, entón non ten sentido que vostedes falen dun 1,4 ou de 1,4 arriba ou abaixo. Os prezos que hai que poñer aos cidadáns é en función do custe dos servizos por iso se vostede non se entregase ás concesionarias non teríamos os impostos municipais máis caros de Galicia.

SRA. VELOSO RÍOS: Esta moción do Partido Popular que foi presentada posteriormente á presentación da moción do Bloque Nacionalista Galego, recolle

un punto que para nós é o que é fundamental, que é solicitude de presentar no vindeiro Pleno da Corporación o resto das Ordenanzas Fiscais para que todo o mundo poidamos facer achegas, e como ese punto xa foi aprobado nós entendemos que por esa banda esta xa tomada unha decisión por parte deste Pleno. Para nós é realmente a parte fundamental o resto son propostas concretas nas que temos que debater no momento no que se debatan as ordenanzas fiscais.

Hai algunhas cuestións nas que nós xa insistimos en anos anteriores e que imos seguir insistindo porque quedan asuntos pendentes aínda como a nova tarificación do servizo da auga, porque realmente despois de moito reclamar e de moito debater no Pleno deste Concello o único que temos é un estudo presentado pola empresa concesionaria Aqualia, non hai unha proposta do Goberno para unha nova tarificación e a tarifa mantense conxelada porque o Bloque Nacionalista Galego así o esixiu o ano pasado, que se conxelase a tarifa mentres non tivésemos un novo sistema de tarificación. Pero a realidade é que o sistema de tarificación non está aínda presentado sequera polo Goberno, e a nós parécenos esta unha cuestión fundamental porque agora mesmo estamos en mans dunha concesionaria a que o Goberno ampliou, prorrogou o contrato que é quen decide o que estamos pagando, cando en realidade dende hai moitos anos nesta cidade estase demandando un sistema de tarificación máis xusto e que ademais faga sostible un recurso básico como a auga que agora mesmo non está sendo sostible porque o sistema de tarificación non promove un uso racional, nin moito menos.

Hai outro temas pendentes, nós tamén esiximos o ano pasado a conxelación do prezo de VITRASA e nós ademais queremos pedir a conxelación do prezo de VITRASA, pero tamén un estudo sobre as tarifas do VITRASA e tamén o dixemos nunha moción anterior sobre mobilidade, realmente agora mesmo hai cuestións que son inxustas para a cidadanía e podemos falar de cuestións concretas no prezo do VITRASA, por exemplo, a famosa tarxeta social que se lle ofrece a persoas que están cobrando o desemprego, pero cando deixan de cobrar o desemprego xa non teñen dereito a ela, é dicir, unha persoa que non está recibindo ningún tipo de prestación non ten dereito a tarxeta social para pagar

menos polo billete do VITRASA. por certo un billete que xa é por 0,66 euros para as persoas que cobran unha RISGA de 426 euros, pero é un prezo gratuíto para persoas que teñen unha pensión por exemplo polo triplo, por 1.200 euros non teñen que pagar ningún custe polo billete do Vitrasa. Hai que racionalizar o prezo de Vitrasa para realmente chegar a máis xente, a beneficiar a persoas con menos recursos que é o que nós estamos pedindo con tódalas Ordenanzas, nós insistimos, estamos de acordo con que non se aplique unha suba do IPC nas taxas e impostos deste Concello, pero tamén insistimos en que é necesario chegar a máis xente, ampliar as exencións, as bonificacións, chegar a máis xente porque cada vez hai máis persoas con máis dificultades nesta cidade, e aí é onde imos estar debatendo neste Pleno e onde imos escoitar tamén a cidadanía para poder facer achegas que melloren a situación. Iso si para nós hai un criterio clave que é o nivel de renda das persoas, por exemplo, cando falamos do IBI estamos falando do valor dos bens inmobles que non estamos falando das rendas das persoas, nós non estamos de acordo con baixarlle o IBI a todo o mundo, sexa cal sexa o seu nivel de renda, nós non estamos de acordo con baixarlle o IBI, o imposto que ten que pagar un propietario dun chalé de 300 metros cadrados a pe de praia igual que a unha persoa que teña un apartamento de 50 metros cadrados nunha zona con menos valor da cidade. Nós non estamos de acordo con iso, nós non estamos de acordo con baixarlle os impostos a todo o mundo por igual, os impostos hai que baixarllos ás persoas que menos teñen, non as persoas que máis teñen que serán as que teñan que asumir, garantir os recursos públicos para prestar os servizos públicos para toda a cidadanía, é unha redistribución necesaria e máis nestes momentos.

Se o Partido Popular quere facer algo co IBI, por exemplo pode promover unha revisión catastral pero a baixa, non como a revisión catastral que están promovendo agora a pasos axigantados para aumentar o valor catastral das vivendas cando agora mesmo unha parte importante da cidadanía está pagando máis de hipoteca do que vale o seu piso, iso é un autentica hipocrisía.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Entón responderíalle ao Bloque Nacionalista Galego que se o que queren é propoñer a actualización dos mínimos exentos, lémbrolle que

está xa no expediente que aprobamos e que se manteñen as bonificacións. Polo tanto, é absolutamente falso que digan que ó Bloque Nacionalista Galego se lles está roubando a posibilidade de debater cando ese tema está incluído e ademais é que hoxe estamos debatendo aquí, e cando haberá un Pleno de Ordenanzas e polo tanto vaise debater.

Polo tanto, é absolutamente falso que se diga que se está hurtando esa posibilidade democrática de poder debater sobre calquera tema, en concreto sobre as Ordenanzas Fiscais.

O Partido Popular di que eles queren presentar un proxecto alternativo, pois eu voules resumir o proxecto alternativo que presentarían se eles estivesen gobernando, voume achegar a Mos, aquí están subindo as taxas ata un 30%, vou cruzar a ría e voume ir a Cangas, están subindo algúns impostos ata un 30%, voulle cara o interior en Ponteareas acaban de aprobar unha subida do 12% e se me vou a A Coruña especificamente subiron o IBI, a auga da que tanto falan, o bus do que tanto falan e dos polideportivos entre outros, e estou falando de subidas, nin sequera estou falando de conxelación. Se nos imos a outras cidades, Madrid que se falou moito estes días van subir un 27% como media. Esa é a dobre moral do Partido Popular, porque nós aquí aprobamos esa redución real do 1,4%, non sei como vostede aprobou primeiro de economía porque é certo que aos nenos non se lles fala de inflación pero en primeiro de economía fálase de inflación.

Por iso, mentres vostedes están propoñendo aquí entre outras unha baixada da taxa do lixo, a semana pasada nos despertábase con que eles, o Partido Popular, vaille subir un 25% a taxa do lixo a tódolos concellos, que vai a subir o pago da dependencia, o imposto de transmisións, que subiu taxas universitarias, escolas infantís, a auga que tanto falan, a subiron eles, o canón da auga, e lémbrolles os comedores escolares, os nenos agora teñen que pagar por comer ata 80 euros ao mes.

Hoxe despertábase con outra noticia, claro estanse debatendo os orzamentos a nivel nacional, e resulta que a carga tributaria que está poñendo o Partido Popular é a máis alta da historia. Este é o proxecto alternativo do Partido Popular se estivera gobernando, e lémbrolles a subida da luz, o transporte, a

autopista, o tren e desgraciadamente tamén hai uns días tamén nos despertábase co copago farmacéutico de enfermidades tan graves como o cancro de mama, o de rixón, os tumores cerebrais, a leucemia ou a esclerosis múltiple.

Polo tanto, hai que ser miserable político para esixir á xente que pague por uns fármacos que son necesarios e despois aquí neste Concello poñerse en contra da baixada do 1,2 %, hai que ser miserable político.

Este Goberno propuxo unha proposta que é a mellor proposta que se levou xamais neste Concello, estamos falando de dous millóns de euros nos petos dos vigueses, vostedes estalle quitando cartos do peto aos vigueses porque non están actualizando pensións, estalle quitando cartos dos petos dos vigueses porque están subindo a autopista, estalle quitando cartos do peto dos vigueses porque teñen que pagar as taxas universitarias e así podería seguir un máis un máis un.

Lémbrolles, vostede menten cando di que o IBI é o máis alto é absolutamente falso porque para calcular o IBI, lémbrolle hai que multiplicar o valor catastral por tipo, sabe o que están facendo en Madrid? Multiplicaron por cinco o valor catastral, crearon unha taxa do lixo que supón 200 euros á familia, iso é o que están cobrando polo lixo en Madrid, e din ímola reducir un 12%, si pero aínda queda en 180 euros, en Vigo estanse pagando 85 euros.

Polo tanto, estamos aí, somos a cidade con menor carga fiscal, con o IBI máis baixo, coa taxa da auga máis baixa, co transporte máis baixo, co lixo máis baixo, esa é a nosa proposta.

E xa lle repito, cal era a súa proposta hai un mes, porque esta é a súa moción a que presentaron o mes pasado o Partido Popular, e aquí en ningún momento e rétoa a que a lea, se fala ou de conxelación ou de baixada, nada, fálase dunha modificación da Ordenanza Xeral Fiscal para facilitar o pago que iso o facemos, precisamente xa estabamos traballando niso, pero nada máis. Non se lembran absolutamente para nada dos vigueses, sabe do que se acordaron dos vigueses? Para cobrar os comedores escolares, os libros, para subir o IVE a tódalas actividades, pero para nada máis.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz, fala de Madrid, de Mos, de Cangas, de Ponteareas, eu crin que ía falar de Nigrán que é do que máis coñece pero parece ser que de Nigrán non fala.

Aquí estamos para falar de Vigo, por iso estamos aquí para xestionar os cartos que son sagrados dos vigueses/as. Vostedes están mentindo descaradamente cando están vendendo unha baixada de impostos que non existe, vostedes conxelan os impostos porque non teñen os votos para subilos porque senón levan seis anos subindo os impostos. Pero agora o Bloque Nacionalista Galego desmarcáselle, e xa lle digo que tampouco van traer un Orzamento non hai borrador de orzamentos, estamos xa en outubro e non hai borrador de orzamentos, vostedes van a prorrogar os Orzamentos porque non teñen os votos, ese é o problema.

Se hai cartos para subvencionar avións e para pagar campañas de publicidade a compañías aéreas e se hai cartos para facer un convenio co Celta de Vigo para que os parados/as vaian ao fútbol gratis, se hai cartos para iso hai marxe para baixar os impostos, para aqueles que van ao fútbol e para os que non van ao fútbol, para os que van en avión e para os que non van en avión, Sr. Font, para todos hai cartos para baixalos, para todos que é para quen gobernan vostedes.

No resto das taxas pedimos que se conxelen os impostos, cremos que é unha proposta realista, que é unha proposta asumible e que é unha proposta absolutamente realizable polo aforro que se produciu grazas ao voto favorable do Partido Popular. E que problema hai para debater os impostos, dígame? Traian as Ordenanzas e as debatemos, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego con estas mocións urxentes o que están pedindo é que traian un proxecto de ordenanzas individualizado e imos falar de tódalas e cada unha das ordenanzas, non hai ningún problema. Nós no Pleno pasado pedimos cousas que vostedes non introduciron na Ordenanza Xeral, pedíamos poder pagar a prazos, a xente está demandando pagar a prazos, por que non se poden pagar a prazos? Por que non se poden pagar os impostos municipais en tres, catro, en cinco prazos como en Zaragoza, como en Vitoria, Alicante, Málaga, A Coruña, Santiago de Compostela, por que non se pagan a prazos? Por que non fai unha campaña informativa para dicirlle á xente tódalas bonificacións e exencións as que teñen dereito, que non o

saben? Por que non o fan? Iso é porque a vostedes non lles interesa, porque Vigo é a cidade cos impostos máis caros de toda Galicia.

A PRESIDENCIA: Que pouco lles gusta que baixemos os impostos.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo político do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e doce abstencións dos membros do Grupo político Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo político do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando ao goberno municipal a presentar no vindeiro Pleno a modificación de diversas ordenanzas fiscais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5(179).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

*** ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO AO TRASLADO DOS LOCAIS DESTINADOS AO SERVIZO CAFÉ-CALOR. .**

SRA. CENDÓN ALONSO: Na última Xunta do Goberno do mes de agosto revocouse a autorización do uso dos locais destinados ao viveiro da Asociación San

Francisco que Benestar Social tiña solicitado para o traslado do servizo de café-calor da rúa Elduayen ata aquí. Con posterioridade a esta Xunta de Goberno debateuse neste Pleno.

A PRESIDENCIA: Formule o rogo.

SRA. CENDÓN ALONSO: O meu rogo é que, dado que no Pleno non se falou desta nova situación que está en disposición deste Concello, se valore novamente a posibilidade de traslado para esa situación permanente porque non sei si Benestar xa ten desestimada dado que a Sra. Abelairas non falou dese tema no Pleno.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota, non tiña que falar neste Pleno deste tema, non estaba na orde do día, vostedes non presentaron moción e polo tanto neste Pleno non había que falar. No anterior xa se falou. Sra. Cendón isto é un rogo non é unha moción.

6(180).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO TRASPASO DA TITULARIDADE DA AVENIDA DE MADRID POR PARTE DO MINISTERIO AO CONCELLO.**

SRA. VELOSO RÍOS: Nós presentamos dúas preguntas, por unha banda unha referida ao traspaso da titularidade da Avenida de Madrid ao Concello de Vigo. O Ministerio cedeu por fin a titularidade da Avenida de Madrid ao Concello, unha reivindicación histórica da cidade que o Bloque Nacionalista Galego xa fixo dende o 2001, pero o traspaso realizouse sen executar previamente as melloras necesarias e de feito, o Alcalde anuncio xa a humanización para resolver os graves problemas de seguridade que ten, nin acompañada da correspondente dotación económica para mellorar o seu estado, entón a pregunta é por unha banda si o Ministerio comunicou oficialmente o traspaso da Avenida de Madrid ao

Concello e se vai asumir o Goberno Local o custe económico das melloras e reformas que este vial precisa dende hai moitos anos?.

A PRESIDENCIA: Non hai ningún traspaso efectuado por agora.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO DESTINO DO LOCAL DE SAMIL “JONHATAN”.**

SRA. VELOSO RÍOS: Sobre o local de Samil coñecido como Jonhatan, o pasado mes de xullo se extinguiu a concesión por falecemento e iso permitiría eliminar unha edificación para a recuperación da praia, a pregunta é que ten pensado facer o Goberno Local co edificio, se ten pensado derrubalo como o restaurante as Dornas?.

A PRESIDENCIA: O Goberno está estudándoo.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVO AO CRITERIO DE DISTRIBUCIÓN DAS ENTRADAS DA GRADA DE FONDO DE BALAIÓDOS.**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Gustaríanos saber cal é o criterio que se segue e onde se segue, que ten o Goberno Municipal á hora de poder distribuír as entradas da grada de fondo de Balaídos entre colexios, colectivos sociais, culturais e deportivos como se anunciou no seu día, descoñecemos a cantos colectivos chegan estas entradas, como se reparten, se hai un rexistro, un criterio. Repito, gustaríanos coñecer en que condicións se distribúen estas entradas.

A PRESIDENCIA: Si hai un rexistro e uns criterios que se fixeron públicos no seu momento.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVO Á CUBERTA QUE SE VAI INSTALAR NO MERCADO DO BERBÉS .**

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Nas últimas semanas un grupo de veciños residentes nas inmediacións do Mercado do Berbés manifestaron a súa preocupación por unha cuberta que se vai instalar no mesmo mercado. Esta cuberta elévase uns cinco metros para acoller en principio unha cafetería segundo manifestan os veciños non é legal segundo o PEPRI do Casco Vello. Pódenos garantir que esa cuberta está deseñada e será construída baixo o marco legal do PEPRI?.

A PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVO AO INCUMPRIMENTO DO ESPAZO ACÚSTICO PROTEXIDO NO CASCO VELLO.**

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Os veciños do Casco Vello e doutros barrios manifestaron en diversas ocasións o incumprimento reiterado do espazo acústico protexido, coas molestias que iso conleva vostedes hai tempo que son conscientes diso por que non fan cumprir a normativa de espazo acústico protexido castigando continuamente aos veciños?.

A PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVO AO HORARIO DE APERTURA AO PÚBLICO DA TERRAZA DO MERCADO DO BERBÉS.**

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: En liña coa anterior, que horario de apertura ao público vai ter esa terraza para garantir que non nos atopemos cun botellón de altura nocturno molestando aos veciños aínda por riba promovido polo Concello?.

A PRESIDENCIA: Me temo que a vostede lle molesta moito que vaiamos a acondicionar a zona do Berbés, que reactivemos o Mercado, e faise eco dunha demandas lexítimas, de persoas concretas desatendendo o interese común.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dezanove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.